PROGRAMACIÓN CICLO INICIAL DE TÉCNICO DEPORTIVO EN VELA



2026/2027

XUNTA DE GALICIA | CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL FONTECARMOA

ÍNDICE:

1.- INTRODUCIÓN 3

2.- IDENTIFICACIÓN DO TITULO DE TÉCNICO DEPORTIVO EN VELA. 3

3.- COMPETENCIA XERAL DO CICLO INICIAL DE GRAO MEDIO EN VELA 3

3.1.- Competencias profesionais, persoais e sociais do ciclo inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre 4

3.2.- Competencia xeral do ciclo final de grao medio en vela con aparello fixo. 5

3.3.- Competencias profesionais, persoais e sociais propias do sistema deportivo do ciclo final de grao medio en vela con aparello fixo. 6

4.- ÁMBITO PROFESIONAL, LABORAL E DEPORTIVO DO CICLO FINAL DE GRAO MEDIO EN VELA CON APARELLO FIXO 8

5.- ESTRUTURA DAS ENSINANZAS DE CADA UN DOS CICLOS DE ENSINANZAS DEPORTIVAS CONDUCENTES AOS TÍTULOS DE TÉCNICO DEPORTIVO EN VELA CON APARELLO FIXO. 8

6.- DISTRIBUCIÓN HORARI0..... 9

7.- PROGRAMACIÓN DO BLOQUE COMÚN..... 9

8.- PROGRAMACIÓN BLOQUE ESPECÍFICO..... 36

8.1.- Formación técnica Código: MED-VEVE102 36

8.2.- Seguridade da navegación e conservación dos materiais . Código: MED-VEVE103 39

8.3.- Metodoloxía da vela e iniciación á competición.CÓDIGO:MED-VEVE104 47

8.4.- FORMACIÓN PRÁCTICA..... 58

8.4.1.- Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación. 60

9.RÚBRICA E CORRECCIÓN DE TRABALLOS..... 66

10.- CRITERIOS XERAIS DE VALIDEZ, PRESENTACIÓN E CORRECCIÓN DE PROBAS ESCRITAS..... 66

11.- PROGRAMACIÓN DO BLOQUE COMÚN NA MODALIDADE SEMIPRESENCIAL 66

12.- CALENDARIO DE INICIO DO CURSO 67

13.- VALIDACIÓNS DOS MÓDULOS. 67

14.- EQUIPAMENTOS, INSTALACIÓNS E MATERIAL. 68

15.-PROCEDEMENTO SOBRE O SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN E AVALIACIÓN PROPIA DA

PRÁCTICA DOCENTE……..68

1.- INTRODUCIÓN

O desenvolvemento curricular desta titulación, ven delimitado pola normativa vixente:

Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (L.O.E), modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)

Real Decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial.

Decreto 135/2012, do 31 de maio, polo que se establece o currículo das ensinanzas de técnico deportivo en vela con aparello fixo e técnico deportivo en vela con aparello libre.

O Real decreto 935/2010, do 23 de xullo, que establece para a modalidade deportiva de vela, os titulos de técnico deportivo en vela con aparello fixo e técnico deportivo en vela con aparello libre, establece para cada titulo a súa identificación, o seu perfil profesional, ámbito profesional, as ensinanzas dos ciclos de ensinanzas deportivas, a correspondencia dos módulos de ensinanzas deportivas coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención, a acreditación de módulos debida á experiencia docente, espazos, equipamentos, titulacións e especialidades do profesorado. Tamén se determinarán os requisitos específicos de acceso, identificando a carga lectiva acreditada a través destes requisitos, a vinculación con outros estudos, as validacións, exencións e equivalencias.

Considerarase as modfificacións establecidas na orde do 22 de xullo de 2021 pola que se desenvolven determinados aspectos da ordenación académica nas modalidades deportivas de ensinanzas de réxime especial implantadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- IDENTIFICACIÓN DO TITULO DE TÉCNICO DEPORTIVO EN VELA.

O titulo de técnico deportivo en vela con aparello fixo queda identificado polos seguintes elementos: a) Denominación: vela con aparello fixo. b) Nivel: ensinanzas deportivas de grao medio. c) Duración: 1.100 horas. d) Referente europeo: CINE-3 (Clasificación Internacional Normalizada de Educación).

3.- COMPETENCIA XERAL DO CICLO INICIAL DE GRAO MEDIO EN VELA

Competencia xeral do ciclo inicial de grao medio en vela con aparello fixo e

aparello libre A competencia xeral do ciclo inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre consiste en dinamizar, instruír e concretar a iniciación deportiva da vela; gobernar embarcacións de recreo de ata oito metros; organizar, acompañar e tutelar os/as deportistas durante a súa participación en actividades, competicións e eventos propios deste nivel, utilizando embarcacións con aparello fixo e libre; conforme as directrices establecidas na programación de referencia, respectando o medio natural, en condicións de seguridade e cunha calidade que permita a satisfacción dos/as deportistas na actividade.

3.1.- Competencias profesionais, persoais e sociais do ciclo inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre

O ciclo inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre conteñen a seguinte relación de competencias profesionais, persoais e sociais:

a) Dominar as técnicas básicas da navegación deportiva a vela con aparello fixo e libre, co nivel suficiente para o desenvolvemento das tarefas propias da iniciación deportiva en condicións de vento ata 10 nós.

b) Atender o/a deportista informando das características da navegación deportiva a vela, solicitando información sobre as súas motivacións e intereses e motivándoo/a cara á práctica da vela.

c) Valorar as habilidades e destrezas específicas dos/as deportistas co obxecto de determinar o seu nivel e tomar as medidas de corrección axeitadas.

d) Concretar a sesión de ensino, aprendizaxe para a iniciación á navegación deportiva a vela de acordo coa programación de referencia e as condicións da área de navegación, adecuándose ao grupo e ás condicións ambientais e materiais existentes, tendo en conta a transmisión de valores de práctica saudable e o respecto e coidado do propio corpo e do medio natural.

e) Dirixir a sesión de ensino-aprendizaxe de iniciación á navegación deportiva a vela, solucionando as continxencias existentes, para conseguir unha participación e rendemento conforme os obxectivos propostos e dentro das normas medio e as marxes de seguridade requiridas.

f) Preparar, transportar, almacenar e reparar os materiais náuticos e embarcacións para a práctica no nivel de iniciación á navegación deportiva a vela, garantindo a súa dispoñibilidade e seguridade e respectando a normativa ambiental.

g) Controlar a seguridade da actividade no nivel de iniciación á navegación deportiva a vela, supervisando as áreas de navegación, as condicións do contorno, os materiais náuticos e as embarcacións utilizadas e intervindo mediante a axuda ao rescate nas situacións de risco detectadas, aplicando os protocolos de evacuación establecidos.

h) Asistir como primeiro/a interveniente no caso de accidente ou situación de emerxencia.

i) Seleccionar os/as deportistas en función do seu nivel e características, comprobando que se adaptan ás exixencias da navegación e da competición do nivel de iniciación á navegación deportiva a vela, respectando os obxectivos propostos e as normas de seguridade.

j) Acompañar os/ás deportistas nas competicións e noutras actividades do nivel de iniciación para proporcionar unha experiencia motivadora e segura.

k) Dirixir tecnicamente os/as deportistas en competicións do nivel de iniciación á navegación deportiva a vela dentro dos valores éticos vinculados ao xogo limpo e ao respecto aos demais, reforzando a súa responsabilidade e esforzo persoal.

l) Colaborar e intervir na organización e xestión de competicións e eventos propios da iniciación á navegación deportiva a vela, co obxecto de captar, adherir e fidelizar o/a deportista na práctica da vela.

m) Valorar o desenvolvemento da sesión, recollendo e procesando a información necesaria para a elaboración de xuízos que permitan o axuste e a mellora permanente do proceso de ensino-aprendizaxe e das actividades propias da iniciación á vela.

n) Transmitir a través do comportamento ético-persoal valores vinculados ao xogo limpo, ao respecto aos demais e ao respecto e coidado do propio corpo e do medio natural.

o) Manter o espírito de responsabilidade individual, esforzo persoal e innovación no ámbito do seu labor como persoal técnico deportivo.

p) Manter a iniciativa e autonomía dentro do traballo en equipo para o desempeño das súas funcións

q) Gobernar embarcacións de recreo de ata 8 metros de eslora e potencia de motor adecuada a ela para navegacións realizadas ata 5 millas lonxe dun abrigo.

3.2.- Competencia xeral do ciclo final de grao medio en vela con aparello fixo.

A competencia xeral do ciclo final de grao medio en vela con aparello fixo consiste en adaptar, dirixir e dinamizar o adestramento básico e o perfeccionamento técnico na etapa de tecnificación deportiva da vela con embarcacións de aparello fixo; gobernar embarcacións de recreo de ata 12 metros; organizar, acompañar e tutelar os/as regatistas durante a súa participación en actividades, competicións e eventos propios deste nivel; establecer as áreas de navegación propias deste nivel; xestionar os recursos materiais necesarios e coordinar as actividades do persoal técnico ao seu cargo; organizar actividades, competicións e eventos do nivel de iniciación deportiva; todo iso conforme as directrices establecidas na programación de referencia, respectando o medio natural, en condicións de seguridade e co nivel óptimo de calidade que permita a satisfacción dos/as regatistas participantes na navegación deportiva a vela con aparello fixo.

3.3.- Competencias profesionais, persoais e sociais propias do sistema deportivo do ciclo final de grao medio en vela con aparello fixo.

As competencias profesionais, persoais e sociais do ciclo final de grao medio en vela con aparello fixo son as que se relacionan a continuación:

a) Valorar e seleccionar o/a regatista en función do seu nivel e das súas características, co fin de adaptar a programación de referencia de perfeccionamento técnico na práctica da navegación deportiva a vela con aparello fixo.

b) Adaptar e concretar a sesión de preparación física para a práctica da navegación deportiva a vela de acordo coa programación de referencia, tendo en conta a transmisión de valores de práctica saudable e o respecto e coidado do propio corpo.

c) Adaptar e concretar os programas específicos de perfeccionamento técnico-táctico para a etapa de tecnificación deportiva da navegación a vela con aparello fixo, de acordo coa programación xeral e do medio natural.

d) Deseñar programas de iniciación deportiva acordes cos procesos de tecnificación deportiva, tendo en conta a transmisión de valores de práctica saudable e o respecto e coidado do propio corpo e do medio natural.

e) Dirixir a sesión de adestramento básico na etapa de tecnificación deportiva da

navegación a vela con aparello fixo, solucionando as continxencias existentes, para conseguir a participación e rendemento conforme os obxectivos propostos da mesta e dentro das normas ambientais e as marxes de seguridade requiridas.

f) Controlar a seguridade da práctica no nivel de tecnificación da navegación deportiva a vela, supervisando as instalacións, áreas de navegación e medios utilizados e intervindo mediante a axuda ou o rescate nas situacións de risco detectadas, e asistir como primeiro/a interveniente en caso de accidente ou situación de emerxencia.

g) Preparar, transportar, poñer a punto, almacenar e reparar os materiais náuticos e embarcacións necesarios para a práctica no nivel de tecnificación da navegación deportiva a vela con aparello fixo, garantindo a súa dispoñibilidade e seguridade e respectando a normativa ambiental.

h) Deseñar e establecer as áreas de navegación de nivel de iniciación e tecnificación, tendo en conta as previsións meteorolóxicas da zona e as normas e protocolos de seguridade.

i) Acompañar e dirixir os/as regatistas en competicións de nivel de tecnificación realizando as orientacións técnico-tácticas e decisións máis axeitadas ao desenvolvemento da competición con aparello fixo, co fin de garantir a súa participación nas mellores condicións dentro dos valores éticos vinculados ao xogo limpo, ao respecto aos demais e ao propio corpo.

j) Organizar eventos propios da iniciación e da tecnificación da navegación deportiva a vela e colaborar e intervir na xestión de competicións e eventos propios da vela, co obxecto de captar, adherir e fidelizar o/a deportista á práctica da vela.

k) Coordinara outro persoal técnico encargado da iniciación deportiva revisando a súa programación, organizando os recursos materiais e humanos, co fin de dinamizar e favorecer as relacións entre o dito persoal técnico.

l) elaboración de xuízos e axustando programas que permitan a mellora permanente do adestramento básico e perfeccionamento das actividades propias da tecnificación á navegación deportiva a vela con aparello fixo.

m) Transmitir a través do comportamento ético-persoal valores vinculados ao xogo limpo, ao respecto aos demais e ao respecto e coidado do propio corpo.

n) Manter o espírito de responsabilidade individual, de esforzo persoal e

innovación no ámbito do seu labor como persoal técnico deportivo.

o) Manter a iniciativa e autonomía dentro do traballo en equipo para o desempeño das súas funcións.

p) Gobernar embarcacións de recreo a motor e vela, de ata 12 m de eslora e potencia de motor axeitada, para navegacións realizadas entre a costa e a liña de 12 millas paralela a ela.

4.- ÁMBITO PROFESIONAL, LABORAL E DEPORTIVO DO CICLO FINAL DE GRAO MEDIO EN VELA CON APARELLO FIXO .

1.- Este/a profesional desenvolve a súa actividade profesional tanto no ámbito público, ben na Administración xeral do Estado, nas administracións autonómicas ou locais, como en entidades de carácter privado, xa sexan grandes, medianas ou pequenas empresas, en padroados deportivos, entidades deportivas municipais, federacións, centros de tecnificación, clubs deportivos e sociais, escolas de vela e escolas náuticas, centros educativos, empresas de servizos de actividades extraescolares, que ofrezan actividades deportivo-recreativas e tecnificación da vela.

2. Sitúase nos sectores do deporte, tempo libre e lecer.

3. As ocupacións e postos de traballo máis relevantes para estes/as profesionais son as seguintes:

a) Adestrador/a de tecnificación en vela con aparello fixo.
b) Coordinador/a doutro persoal técnico de iniciación á vela.
c) Xestor/a e organizador/a de eventos de vela de promoción e iniciación.
d) Acompañamento e dirección o/a regatista en competicións.
e) Responsable da seguridade da navegación e das instalacións deportivas utilizadas na tecnificación.

4. O desenvolvemento destas ocupacións e postos de traballo no ámbito público realizarase de acordo cos principios e requisitos de acceso ao emprego público previstos na normativa vixen

5.- ESTRUTURA DAS ENSINANZAS DE CADA UN DOS CICLOS DE ENSINANZAS DEPORTIVAS CONDUCENTES AOS TÍTULOS DE TÉCNICO DEPORTIVO EN VELA CON APARELLO FIXO.

1. Os ciclos desenvolvidos neste decreto estrutúranse en módulos, agrupados en bloque común e bloque específico

2. Os módulos de ensino deportivo do ciclo inicial de grao medio de vela con aparello fixo e aparello libre son os seguintes:

a) Módulos do bloque común:

MED-C101 - Bases do comportamento deportivo.
MED-C102 - Primeiros auxilios.
MED-C103 - Actividade física adaptada e discapacidade.
MED-C104 - Organización deportiva.

b) Módulos do bloque específico:

MED-VEVE102 - Formación técnica.
MED-VEVE103 - Seguridade da navegación e conservación dos materiais.
MED-VEVE104 - Metodoloxía da vela e iniciación á competición.
MED-VEVE105 - Formación práctica.

6.- DISTRIBUCIÓN HORARIA

A distribución é a seguinte:

Ciclo inicial de grado medio en vela con aparejo fijo y libre

	Carga horaria	
RAE-VEVE101: Prueba de carácter específico para el acceso a las enseñanzas de ciclo inicial de grado medio en vela con aparejo fijo y aparejo libre	220 h	
	Carga horaria	
Bloque común	Teóricas	Prácticas
MED-C101: Bases del comportamiento deportivo	15 h	5 h
MED-C102: Primeros auxilios	20 h	10 h
MED-C103: Actividad física adaptada y discapacidad	5 h	--
MED-C104: Organización deportiva	5 h	--
Total	60 h	
Bloque específico	Teóricas	Prácticas
MED-VEVE102: Formación técnica	15 h	--
MED-VEVE103: Seguridad de la navegación y conservación de los materiales	--	30 h
MED-VEVE104: Metodología de la vela e iniciación a la competición	25 h	--
MED-VEVE105: Formación práctica	150 h	
Total	220 h	
Total ciclo inicial (RAE-VEVE101+BC+BE)	500 h	

7.- PROGRAMACIÓN DO BLOQUE COMÚN

7.1 "**BASES DO COMPORTAMENTO DEPORTIVO" CÓDIGO: MED-C101**

PROFESOR/A: RAQUEL RODRÍGUEZ GÓMEZ

CONTIDOS

1. Obxectivos didácticos

2. Contidos

3. Resultados de aprendizaxe e Criterios de avaliación

4. Temporalización dos contidos: unidades didácticas

5. Aspectos curriculares mínimos para superar ó módulo

6. Procedementos e instrumentos de avaliación

7. Criterios de calificación

8. Avaliación extraordinaria

9. Materiais e recursos didácticos do módulo

1. **Obxectivos didácticos**
    1. *Identificar as características motrices, psicolóxicas, afectivas e sociais das persoas, relacionándoas cos estadios madurativos da infancia.*
    2. *Atender á persoa deportista describindo e aplicando diferentes técnicas de comunicación e motivación.*
    3. *Conducir o grupo seleccionando e aplicando dinámicas de grupo e estratexias para a resolución de conflitos, en función das características do contexto.*
    4. *Transmitir valores persoais e sociais aplicando as técnicas axeitadas e reflexionando sobre as propias actitudes e comportamentos.*

2. **Contidos**

2.1. *Identifica as características motrices, psicolóxicas, afectivas e sociais das persoas, relacionándoas cos estadios madurativos da infancia.*

- Desenvolvemento persoal dos rapaces e das rapazas na iniciación deportiva.

- Crecemento, maduración e desenvolvemento.
- Patróns motores básicos na infancia.
- Características motrices, psicolóxicas, afectivas e sociais dos rapaces e das rapazas.

- Técnicas elementais de recollida de información a partir da teoría do procesamento da información.
- A actividade físico-deportiva nos estadios madurativos da infancia.
- A iniciación deportiva.
- Diversidade e variabilidade de experiencias deportivas na iniciación e os seus efectos positivos sobre o desenvolvemento motor.

- Respecto dos estadios madurativos e as diferenzas interindividuais e intraindividuais.

2.2. *Atende á persoa deportista describindo e aplicando diferentes técnicas de comunicación e motivación.*

- Motivacións e actitudes propias da infancia ante a práctica deportiva.

- Motivacións intrínsecas e extrínsecas.
- A teoría de metas de logro.
- Principais motivos de abandono en deportistas mozos e mozas. A trascendentalización competitiva.
- Estratexias para fomentar a participación, a motivación e a satisfacción, como elementos clave para a fidelización deportiva, atendendo ás diferenzas de xénero.
- Valoración do proceso de aprendizaxe por riba do resultado deportivo.
- Valoración da actitude do alumnado (das persoas deportistas) por riba da súa aptitude.

- Proceso de comunicación. Elementos, tipos e dificultades.

- Técnicas de comunicación: verbal e non verbal.
- Valoración comunicativa do contexto: elementos facilitadores e obstáculos e inhibidores no proceso de comunicación.
- Disposición do espazo e do alumnado para a mellora da comunicación na sesión deportiva.
- Información inicial e retroalimentación (retroacción) na sesión deportiva.
- Habilidades comunicativas, persoais e sociais, nas relacións interpersoais.
- Uso non sexista da linguaxe.

2.3. Conduce o grupo seleccionando e aplicando dinámicas de grupo e estratexias para a resolución de conflitos, en función das características do contexto.

- Fontes de conflito no grupo deportivo.

- Falta de confianza mutua.
- Competitividade e liderado.
- Discriminación: por razóns de xénero,condición afectivo-sexual de capacidade, actitudes xenófobas, etc.
- Diverxencia de intereses individuais en rapaces e en rapazas.

- A dinámica de grupos na iniciación deportiva e a súa importancia.

- Condución de dinámicas orientadas á valoración sociolóxica do grupo.
- Dinámicas de presentación e coñecemento do grupo.
- Técnicas sociométricas.

- Condución de dinámicas de grupo orientadas ao traballo cooperativo e á resolución de conflitos.

- Dinámicas de autocoñecemento para a afirmación persoal e a autoconfianza.
- Dinámicas socioafectivas para crear confianza mutua.
- Dinámicas de traballo en equipo.

- De responsabilidade de grupo.
- De toma de decisións por consenso.
- De eficiencia no traballo en grupo.

- Dinámicas de resolución de conflitos en pequenos grupos, para:

- A identificación do problema.
- A solución do problema.

- Modelos de intervención do persoal técnico nos grupos de iniciación deportiva:

- Modelo autoritario.
- Modelo permisivo.
- Modelo democrático.

- Actitudes e influencia do contexto familiar na iniciación deportiva.

- Contextos familiares que exercen unha influencia positiva na iniciación deportiva dos rapaces e das rapazas.
- Condutas e actitudes negativas máis frecuentes protagonizadas por familiares na iniciación deportiva:

- Excesiva presión competitiva sobre os fillos e fillas.
- Comportamentos e actitudes agresivas e violentas.
- Interferencias co persoal técnico deportivo.

- Estratexias de intervención no ámbito familiar durante a iniciación deportiva. A entrevista co persoal responsable legal da persoa deportista.

2.4. Transmite valores persoais e sociais aplicando as técnicas axeitadas e reflexionando sobre as propias actitudes e comportamentos.

- O deporte como transmisor de valores persoais e sociais tanto positivos como negativos.
- A responsabilidade do persoal técnico deportivo na transmisión de valores éticos no deporte e en evitar os contravalores.
- Superación da idea de bondade natural do deporte en canto á transmisión de valores éticos.
- Condutas inmorais máis frecuentes na práctica deportiva.
- Xogo limpo e deportividade (condutas éticas na práctica deportiva).
- Técnicas e estratexias para o desenvolvemento de valores no deporte: reflexión, establecemento de normas consensuadas, desenvolvemento do xuízo moral, autocontrol da conduta, análise, desenvolvemento da empatía e comprensión crítica de temas eticamente relevantes e encontros de grupo.

Autoavaliación e reflexión dos propios prexuízos e estereotipos persoais, incluída os de xénero eos de índole afectivo- sexual.

3. **Resultados de aprendizaxe e Criterios de avaliación**

RA 1. Identifica as características motrices, psicolóxicas, afectivas e sociais das persoas, relacionándoas cos estadios madurativos da infancia.

1. Describíronse diferentes estadios madurativos da infancia, identificando as particularidades de cada un.
2. Aplicáronse técnicas elementais de recollida de información para a obtención de datos relevantes da persoa.
3. Identificáronse os intereses e as motivacións características das persoas na etapa da infancia.
4. Describíronse as características dos rapaces e das rapazas a nivel motriz e psicolóxico na primeira etapa do proceso de aprendizaxe motora.
5. Demostrouse interese por respectar o desenvolvemento natural e saudable da persoa deportista acorde co seu estadio madurativo.
6. Valorouse a importancia de que a persoa conte con diversidade e variabilidade de experiencias físico-deportivas nestes estadios e de evitar unha especialización precoz.

RA 2. Atende á persoa deportista describindo e aplicando diferentes técnicas de comunicación e motivación.

1. Identificáronse as diferentes técnicas de comunicación, verbal e non verbal, que poden utilizarse tendo en conta o contexto deportivo.
2. Elixíronse as técnicas de comunicación, así como a disposición espacial do material e do alumnado, máis oportunas no intercambio de información.
3. Identificáronse diferentes formas de captar a información e de tomar unha decisión a partir dela.
4. Identificáronse as principais barreiras e interferencias que dificultan a comunicación.
5. Valorouse a importancia de contar con habilidades comunicativas e sociais nas relacións interpersoais.
6. Valorouse a importancia de utilizar unha linguaxe que respecte a equidade dos distintos sexos.
7. Empregáronse técnicas e estratexias comunicativas na presentación das tarefas propostas, logrando unha maior participación e motivación nelas.

8. Valorouse a importancia de manter a motivación e a satisfacción de todas as persoas como elemento clave para a súa fidelización coa práctica deportiva e a prevención do abandono en etapas posteriores.
9. Demostrouse interese por valorar o proceso de aprendizaxe por riba do resultado obtido.
10. Valorouse a autonomía, a espontaneidade e a creatividade das persoas deportistas mozos e mozas na iniciación deportiva.

RA 3. Conduce o grupo seleccionando e aplicando dinámicas de grupo e estratexias para a resolución de conflitos, en función das características do contexto.

1. Describíronse as características fundamentais do grupo na iniciación deportiva, atendendo especialmente a factores de relación social e de xénero.
2. Describíronse as principais fontes de conflito na sesión, tanto individuais como de grupo.
3. Aplicáronse estratexias de recollida de información que permitan coñecer mellor ao grupo.
4. Aplicáronse dinámicas de grupo baseadas na aprendizaxe cooperativa e o traballo en equipo.
5. Utilizáronse estratexias de resolución de conflitos no grupo, promovendo e transmitindo valores de respecto, sinceridade, empatía, compromiso e igualdade de xénero.
6. Valorouse a importancia dunha actitude tolerante e de empatía para conseguir a confianza do grupo.
7. Demostrouse interese por respectar os intereses das persoas, evitando os prexuízos e valorando os elementos de diferenciación individuais tales como: emocións, sentimentos, personalidade, sexo, orientación afectivo-sexual**,** características morfolóxicas, orixe cultural, clase social, etc.
8. Describíronse aqueles aspectos do ámbito familiar e do contexto social que exercen unha influencia positiva ou negativa na iniciación deportiva de rapaces e rapazas.
9. Aplicáronse estratexias e técnicas adecuadas para corrixir actitudes negativas do ámbito familiar ou do contexto social na iniciación deportiva.
10. Analizouse a importancia dos valores positivos da familia e do contexto social na práctica deportiva.

RA 4. Transmite valores persoais e sociais aplicando as técnicas axeitadas e reflexionando sobre as propias actitudes e comportamentos.

1. Describíronse os valores persoais e sociais que se poden transmitir a través do deporte.
2. Valorouse a importancia de ser un modelo ético de referencia para as persoas deportistas durante a iniciación deportiva.
3. Reflexionouse sobre os propios prexuízos e estereotipos, incluídos os de xénero e por cuestións de índole afectivo-sexual.
4. Demostrouse interese por educar ética e moralmente a través do deporte.
5. Identificáronse e describíronse estratexias de transmisión de valores persoais e sociais a través do deporte.
6. Identificáronse estratexias de fomento da coeducación.
7. Valorouse a importancia do respecto do xogo limpo, dun mesmo, ás demais persoas e ao contorno durante a práctica deportiva.
8. Valorouse a importancia de defender e manter o carácter lúdico da práctica deportiva.

4. **Temporalización dos contidos: unidades didácticas**

O módulo ten unha carga horaria de 20 horas que se distribúen en 24 sesións

UNIDAD DIDÁCTICA	Obx. Aprendizaxe	Contidos	Criterios Av.
Nº 1: 8 sesións AS CARATERÍSTICAS MOTRICES, PSICOLÓXICAS, AFECTIVAS E SOCIAIS DO DEPORTISTA NA ETAPA DE INICIACIÓN	1.1	2.1	1.1 ó 1.6
Nº 2: 8 sesións A MOTIVACIÓN E COMUNICACIÓN COA PERSOA DEPORTISTA	1.2 1.4	2.2 2.4	2.1 ó 2.10 4.1 ó 4.8

Nº 3: 8 sesións COMUNICACIÓN E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS. O DEPORTE COMO TRASMISOR DE VALORES.	1.3	2.3	3.1 ó 3.10

5. **Aspectos curriculares mínimos para superar ó módulo**

Son aqueles que veñen recollidos no apartado de contidos anterior (según ó Decreto 106/2017, do 28 de setembro, polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondentes ao título de técnico deportivo en Baloncesto) desta programación. Para superar ó módulo en convocatoria ordinaria (continua) supereraranse cada un dos criterios de calificación descritos no apartado seguinte e, ademais, que a calificación final obtida alcance un 5.

6. **Procedementos e instrumentos de avaliación**

As estratexias e instrumentos de avaliación deberán ser variados para facilitar o acceso o coñecemento da materia, debido as diferentes características do alumnado, sendo o seguemento individualizado do alumno e a observación directa e sistemática os instrumentos principais do proceso de avaliación do aprendizaxe.

Os instrumentos de avaliación serán:

- Control do rexistro na plataforma de formación e utilización dos recursos alí dispoñibles, de acordo cos criterios de calificación
- Exercicios e tarefas na plataforma de formación.
- Exame de preguntas cortas e tipo test

7. **Criterios de calificación**

REQUISITOS		**PROCEDEMENTO DE CALIFICACIÓN**	
Exame teórico	Alcanzar un 50% da nota máxima	Exame	60%
Rexistro na plataforma virtual e realización de tarefas/exercicios	Terse rexistrado na aula virtual e ter realizado e presentado as tarefas solicitadas polo profesor (na aula virtual ou na clase)	Control virtual do profesor	40%

8. **Avaliación extraordinaria**

Na avaliación extraordinaria desaparecen os criterios de calificación correspondentes a asistencia.

O alumno examinarase do módulo completo mediante un examede características similares o do curso, sendo o valor do exame de un 90%. Para aprobar deberá sacar unha nota de polo menos 5.

Además deberá presentar as tarefas no aula virtual en caso de non presentalas na convocatoria correspondente, sendo o valor das tarefas dun 10% (deberá presentar polo menos o 50% das tarefas).

No caso de que o alumno presentara as tarefas no seu momento, non deberá presentalas de novo.

9. **Materiais e recursos didácticos do módulo**

- Aula virtual: www.edu.xunta.gal/centros/iesbouzabrey/aulavirtual2 (o curso e módulo correspondente).
- Arquivos, documentos, presentacions, vídeos, etc. sobre contidos concretos, elaborados polo profesor.
- Material bibliográfico diverso: libros, artículos de revistas ou prensa, materiais extraídos de Internet, etc. relacionadas co módulo.
- Pizarra.
- Medios audiovisuais e informáticos (vídeo, ordenador, “canón” proxector).

7.2 “**PRIMEIROS AUXILIOS” CÓDIGO: MED-C102**

PROFESOR/A: RAQUEL RODRÍGUEZ GÓMEZ

CONTIDOS

1. Obxectivos didácticos

2. Contidos

3. Resultados de aprendizaxe e Criterios de avaliación

4. Temporalización dos contidos: unidades didácticas

5. Aspectos curriculares mínimos para superar ó módulo

6. Procedementos e instrumentos de avaliación

7. Criterios de calificación

8. Avaliación extraordinaria

9. Materiais e recursos didácticos

1. **Obxectivos didácticos**
    1. *Realizar unha valoración inicial aplicando técnicas de valoración segundo protocolos establecidos e relacionándoos cos principios de anatomía e fisioloxía.*
    2. *Aplicar as técnicas de primeiros auxilios relacionando o tipo de lesión co protocolo establecido en cada caso.*
    3. *Aplicar técnicas de soporte vital identificando a súa instrumentación e describindo as súas fases segundo o protocolo básico establecido.*
    4. *Aplicar técnicas de autocontrol e de apoio psicolóxico á persoa accidentada e a acompañantes, describindo e aplicando as estratexias de comunicación máis axeitadas.*
    5. *Aplicar técnicas para o control do contorno relacionándoo cos protocolos establecidos e a organización do sistema de emerxencias.*

2. **Contidos**

2.1. Realiza unha valoración inicial aplicando técnicas de valoración segundo protocolos establecidos e relacionándoos cos principios de anatomía e fisioloxía.

- Signos e síntomas de urxencia.
- Valoración do nivel de consciencia.
- Toma de constantes vitais.
- Protocolos de exploración elementais.
- Terminoloxía médico-sanitaria en primeiros auxilios.
- Protocolo de transmisión da información.
- Signos de compromiso vital na persoa adulta, neno ou nena e lactante.
- Métodos e materiais de protección da zona.

- Bases anatomofisiolóxicas relacionadas cos primeiros auxilios: ósos, articulacións e músculos (concepto, características, clasificación e localización a nivel básico/elemental).
- Valoración básica en lesións por traumatismos e por axentes físicos, químicos e biolóxicos.
- Valoración básica ante patoloxía orgánica de urxencia.

2.2. Aplica as técnicas de primeiros auxilios relacionando o tipo de lesión co protocolo establecido en cada caso.

- Caixa de primeiros auxilios.
- Aplicación dos primeiros auxilios.
- Seguridade na aplicación das técnicas utilizadas.
- Aplicación de procedementos de inmobilización e mobilización.

2.3. Aplica técnicas de soporte vital identificando a súa instrumentación e describindo as súas fases segundo o protocolo básico establecido.

- Control da permeabilidade das vías aéreas.
- Resucitación cardiopulmonar básica.
- Desfibrilación externa semiautomática (DESA).
- Valoración básica da persoa accidentada.
- Atención inicial en lesións por axentes físicos (traumatismos, calor ou frío, electricidade e radiacións).
- Atención inicial en lesións por axentes químicos e biolóxicos.
- Atención inicial en patoloxía orgánica de urxencia.
- Actuación limitada no marco das súas competencias.

2.4. Aplica técnicas de autocontrol e de apoio psicolóxico á persoa accidentada e a acompañantes, describindo e aplicando as estratexias de comunicación máis axeitadas.

- Apoio psicolóxico a pacientes.
- Primeiros auxilios psicolóxicos. Comportamento da poboación ante unha catástrofe.
- Estratexias básicas de comunicación.

- Valoración do papel do primeiro interveniente ou da primeira interveniente.
- Técnicas facilitadoras da comunicación interpersoal.
- Factores que predispoñen a ansiedade en situacións de accidente ou emerxencia.

2.5. Aplica técnicas para o control do contorno relacionándoo cos protocolos establecidos e a organización do sistema de emerxencias.

- Sistemas de emerxencias.
- Obxectivos e límites dos primeiros auxilios.
- Marco legal, responsabilidade e ética profesional.
- Normas e protocolos de seguridade e de autoprotección persoal.
- Técnicas de primeiros auxilios en relación ao risco do contorno.
- Protocolos de alerta.

3. **Resultados de aprendizaxe e Criterios de avaliación**

RA 1. Realiza unha valoración inicial aplicando técnicas de valoración segundo protocolos establecidos e relacionándoos cos principios de anatomía e fisioloxía.

1. Identificáronse e tomáronse as constantes vitais.
2. Identificáronse e describíronse os protocolos de valoración a seguir en cada caso.
3. Identificáronse e describíronse as lesións óseas e articulares, así como os síntomas e mecanismos de produción.
4. Identificáronse e describíronse as lesións musculares e tendinosas, así como os síntomas e mecanismos de produción.
5. Identificáronse e describíronse os diferentes tipos de traumatismos.
6. Describíronse as bases anatomofisiolóxicas dos primeiros auxilios.
7. Identificáronse e describíronse as lesións provocadas por outros axentes externos (frío, calor, axentes químicos e biolóxicos), así como os síntomas e mecanismos de produción.
8. Utilizouse a terminoloxía médico-sanitaria elemental relacionada cos primeiros auxilios.

9. Identificouse a secuencia de actuación segundo o protocolo establecido polo Comité de coordinación internacional sobre a resucitación (ILCOR).

RA 2. Aplica as técnicas de primeiros auxilios relacionando o tipo de lesión co protocolo establecido en cada caso.

1. Aplicáronse técnicas de primeiros auxilios axeitadas aos diferentes tipos de lesión.
2. Identificáronse e describíronse os protocolos de primeiros auxilios e inmobilización a seguir segundo a lesión.
3. Identificáronse os medios materiais de aplicación de primeiros auxilios (caixa de primeiros auxilios e outros).
4. Describíronse as repercusións dunha incorrecta aplicación das técnicas de primeiros auxilios e do traslado da persoa accidentada.
5. Aplicáronse técnicas de inmobilización para o traslado da persoa accidentada.

RA 3. Aplica técnicas de soporte vital identificando a súa instrumentación e describindo as súas fases segundo o protocolo básico establecido.

1. Detallouse a instrumentación básica para o soporte vital recoñecendo as súas partes e mecanismos de funcionamento.
2. Describíronse os fundamentos de resucitación cardiopulmonar básica.
3. Aplicáronse técnicas de apertura das vías aéreas.
4. Aplicáronse técnicas de soporte ventilatorio.
5. Aplicáronse técnicas de soporte circulatorio.
6. Realizouse desfibrilación externa semiautomática (DESA).
7. Aplicáronse medidas de posreanimación.
8. Recoñecéronse aquelas situacións nas que se desaconsella a intervención e posterior evacuación detallando as súas características.
9. Valorouse a importancia de aplicar con precisión os protocolos establecidos.

RA 4. Aplica técnicas de autocontrol e de apoio psicolóxico á persoa accidentada e a acompañantes, describindo e aplicando as estratexias de comunicación máis axeitadas.

1. Describíronse e aplicáronse técnicas básicas de apoio psicolóxico.

2. Describíronse e aplicáronse técnicas básicas de autocontrol.
3. Aplicáronse estratexias básicas de comunicación en situacións de prestación de primeiros auxilios.
4. Describíronse os posibles estados emocionais das persoas accidentadas.
5. Valorouse a importancia de autocontrolarse ante situacións de estrés.
6. Describíronse os factores que predispoñen para a ansiedade en situacións de accidente ou emerxencias.
7. Describíronse e aplicáronse técnicas a empregar para controlar situacións de tensión ambiental.

RA 5. Aplica técnicas para o control do contorno relacionándoo cos protocolos establecidos e a organización do sistema de emerxencias.

1. Determináronse as distintas técnicas que se poden utilizar cando o contorno xera determinados niveis de risco.
2. Describíronse os protocolos de actuación oportunos para establecer un contorno seguro e emocionalmente estable.
3. Determináronse as distintas técnicas a utilizar en relación ao risco do contorno.
4. Aplicáronse normas e protocolos de seguridade e de autoprotección persoal.
5. Definíronse os conceptos de urxencia, emerxencia e catástrofe.
6. Describiuse a organización dos sistemas de emerxencia.

3. Temporalización dos contidos: unidades didácticas

O módulo ten unha carga horaria de 30 horas que se distribúen en 36 sesións

UNIDAD DIDÁCTICA	Obx. Aprendizaxe	Contidos	Criterios Av.
Nº 1: 8 sesións PAUTAS XERAIS DE ACTUACIÓN ANTE UNHA EMERXENCIA	1.1 1.4 1.5	2.1 2.4 2.5	1.1 ó 1.9 4.1 ó 4.7 5.1 ó 5.6
Nº 3: 15 sesións	1.3	2.3	3.1 ó 3.9

SOPORTE VITAL. O RCP/DEA/DESA. OVACE.			
Nº 4: 13 sesións TRAUMATISMOS, INMOVILIZACIÓNS E TRANSPORTE DAS VICTIMAS. OUTROS ACCIDENTES	1.2	2.2	2.1 ó 2.5

3. **Aspectos curriculares mínimos para superar ó módulo**

Son aqueles que veñen recollidos no apartado de contidos anterior (segundo ó Decreto 106/2017, do 28 de setembro, polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondentes ao título de técnico deportivo en Baloncesto) desta programación. Para superar ó módulo en convocatoria ordinaria (continua) supereraranse cada un dos criterios de calificación descritos no apartado seguinte e, ademais, que a calificación final obtida alcance un 5.

3. **Procedementos e instrumentos de avaliación**

As estratexias e instrumentos de avaliación deberán ser variados para facilitar o acceso o coñecemento da materia, debido as diferentes características do alumnado, sendo o seguemento individualizado do alumno e a observación directa e sistemática os instrumentos principais do proceso de avaliación do aprendizaxe.

Os instrumentos de avaliación serán:

- Control do rexistro na plataforma de formación e utilización dos recursos alí dispoñibles, de acordo cos criterios de calificación
- Exercicios e tarefas tanto na clase como a través da plataforma de formación.
- Asistencia obrigatoria as charlas e actividades complamentarias que sexan organizadas
- Exame:

  Teórico

  Práctico

3. **Criterios de calificación**

REQUISITOS		**PROCEDEMENTO DE CALIFICACIÓN**	
Exame teórico e práctico	Alcanzar un 50% da nota máxima en cada un deles	Exame teórico	50%
		Exame práctico	20%
Participación na clase practica	Participación activa nas sesións prácticas	Control virtual do profesor	10%
Rexistro na plataforma virtual e realización de tarefas/exercicios	Terse rexistrado na aula virtual e ter realizado e presentado as tarefas solicitadas polo profesor (na aula virtual ou na clase)	Control virtual do profesor	20%

3. **Avaliación extraordinaria**

Na avaliación extraordinaria desaparecen os criterios de calificación correspondentes a asistencia.

O alumno examinarase do módulo completo mediante un exame de características similares o do curso, sendo o valor do exame de un 90%. Para aprobar deberá sacar unha nota de polo menos 5.

Ademais deberá presentar as tarefas no aula virtual en caso de non presentalas na convocatoria correspondente, sendo o valor das tarefas dun 10% (deberá presentar polo menos o 50% das tarefas).

No caso de que o alumno presentara as tarefas no seu momento, non deberá presentalas de novo.

3. **Materiais e recursos didácticos do módulo**

- Aula virtual: www.edu.xunta.gal/centros/iesbouzabrey/aulavirtual2 (o curso e módulo correspondente).
- Arquivos, documentos, presentacions, vídeos, etc. sobre contidos concretos, elaborados polo profesor.
- Material bibliográfico diverso: libros, artículos de revistas ou prensa, materiais extraídos de Internet, etc. relacionadas co módulo.
- Pizarra
- Medios audiovisuais e informáticos (vídeo, ordenador, “canón” proxector).

7.3 “**ACTIVIDADE FISICA ADAPTADA E DISCAPACIDADE” CÓDIGO: MED-C103**

PROFESOR/A: IVÁN VILLAR FERNÁNDEZ

CONTIDOS

1. Obxectivos didácticos

2. Contidos

3. Resultados de aprendizaxe e Criterios de avaliación

4. Temporalización dos contidos: unidades didácticas

5. Aspectos curriculares mínimos para superar ó módulo

6. Procedementos e instrumentos de avaliación

7. Criterios de calificación

8. Avaliación extraordinaria

9. Materiais e recursos didácticos

1. **Obxectivos didácticos**
    1. *Identificar as principais discapacidades describindo as súas características básicas e relacionándoas coa práctica deportiva*
    2. *Informar as persoas con discapacidade sobre as prácticas deportivas, describindo as técnicas de comunicación específicas e identificando as limitacións que poden presentarse na súa iniciación.*

2. **Contidos**

2.1 Identifica as principais discapacidades describindo as súas características básicas e relacionándoas coa práctica deportiva.

- Características básicas das principais discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas.

- Recoñecemento da discapacidade mediante procedementos básicos de observación das características morfolóxicas e funcionais da persoa deportista.
- Valoración das posibilidades individuais, máis alá das limitacións a presentar segundo a discapacidade.
- Condicionantes derivados dun tipo de discapacidade para a práctica físico-deportiva.
- Recoñecemento e uso fundamental do material deportivo específico e as axudas técnicas básicas.
- Beneficios da práctica deportiva para persoas con discapacidade.
- Os programas de iniciación e difusión da práctica deportiva para persoas con discapacidade.
- A vivencia persoal en situacións de práctica restritivas simulando a discapacidade.

2.2. Informa as persoas con discapacidade sobre as prácticas deportivas, describindo as técnicas de comunicación específicas e identificando as limitacións que poden presentarse na súa iniciación.

- Toma de conciencia dos sentimentos e actitudes cara a persoas con discapacidade.
- Terminoloxía básica en relación á saúde e a discapacidade.
- Aplicación de técnicas básicas de recollida de información en relación ás características das persoas deportistas con discapacidade.
- Recoñecemento e aplicación de técnicas de comunicación concretas segundo a discapacidade.
- Métodos de comunicación alternativa respecto de persoas con discapacidade.
- Aplicación de exemplos de inclusión deportiva de persoas con discapacidade en contornos normalizados.
- Os principais deportes adaptados.
- A importancia da práctica deportiva para a autonomía persoal e integración social de persoas con discapacidade.
- A identificación dos propios prexuízos previos á práctica respecto de persoas con discapacidade.

3. **Resultados de aprendizaxe e Criterios de avaliación**

RA 1. Identifica as principais discapacidades describindo as súas características básicas e relacionándoas coa práctica deportiva.

1. Describíronse as principais causas da discapacidade física, intelectual e sensorial.
2. Determináronse os beneficios que xera a práctica de actividades físicas adaptadas nas persoas con discapacidade.
3. Recoñecéronse as limitacións na práctica e os condicionantes fundamentais segundo o tipo de discapacidade.
4. Valorouse a vivencia persoal do que supón a discapacidade en situacións simuladas, usando contornos restritivos a nivel perceptivo, decisional e motriz.
5. Describíronse as posibilidades das axudas técnicas básicas segundo a discapacidade.
6. Aplicáronse procedementos básicos de identificación e recoñecemento da discapacidade mediante a observación das características morfolóxicas e funcionais da persoa deportista.
7. Valorouse a importancia do recoñecemento das capacidades da persoa deportista, máis alá das limitacións que poida presentar pola súa discapacidade.
8. Identificáronse os principais programas de iniciación deportiva dirixidos ás persoas con discapacidade.

RA 2. Informa as persoas con discapacidade sobre as prácticas deportivas, describindo as técnicas de comunicación específicas e identificando as limitacións que poden presentarse na súa iniciación.

1. Describiuse a terminoloxía máis actual en relación ás persoas con discapacidade.
2. Aplicáronse técnicas de recollida de información acerca dos intereses, capacidades, experiencias previas e motivacións das persoas con discapacidade cara á práctica deportiva.
3. Demostrouse interese por non prexulgar as persoas, respectando os seus elementos únicos e de diferenciación: emocións, sentimentos, personalidade, etc.
4. Determináronse e aplicáronse criterios de adaptación das técnicas de comunicación para as principais discapacidades.
5. Describíronse as principais posibilidades de práctica e deportes adaptados segundo o tipo de discapacidade.

6. Valorouse a importancia da participación activa das persoas con discapacidade en contornos/contextos deportivos normalizados.

4. **Temporalización dos contidos: unidades didácticas**

O módulo ten unha carga horaria de 5 horas que se distribúen en 6 sesións

UNIDAD DIDÁCTICA	Obx. Aprendizaxe	Contidos	Criterios Av.
Nº 1: 3 sesións AS DISCAPACIDADES	1.1	2.1	1.1 ó 1.8
Nº 2: 3 sesións AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE E A PRÁCTICA DEPORTIVA	1.2	2.2	2.1 ó 2.6

5. **Aspectos curriculares mínimos para superar ó módulo**

Son aqueles que veñen recollidos no apartado de contidos anterior (segundo ó Decreto 106/2017, do 28 de setembro, polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondentes ao título de técnico deportivo en Baloncesto) desta programación. Para superar ó módulo en convocatoria ordinaria (continua) superaranse cada un dos criterios de calificación descritos no apartado seguinte e, ademais, que a calificación final obtida alcance un 5.

6. **Procedementos e instrumentos de avaliación**

As estratexias e instrumentos de avaliación deberán ser variados para facilitar o acceso o coñecemento da materia, debido as diferentes características do alumnado, sendo o seguemento individualizado do alumno e a observación directa e sistemática os instrumentos principais do proceso de avaliación do aprendizaxe.

Os instrumentos de avaliación serán:

- Control do rexistro na plataforma de formación e utilización dos recursos alí dispoñibles, de acordo cos criterios de calificación
- Exercicios e tarefas tanto na clase como a través da plataforma de formación.
- Exame de preguntas cortas e tipo test

- Asistencia obrigatoria as charlas e actividades complamentarias que sexan organizadas

7. **Criterios de calificación**

REQUISITOS		**PROCEDEMENTO DE CALIFICACIÓN**	
Exame teórico	Alcanzar un 50% da nota máxima	Exame	90%
Rexistro na plataforma virtual e realización de tarefas/exercicios	Terse rexistrado na aula virtual e ter realizado e presentado as tarefas solicitadas polo profesor (na aula virtual ou na clase)	Control virtual do profesor	10%

8. **Avaliación extraordinaria**

Na avaliación extraordinaria desaparecen os criterios de calificación correspondentes a asistencia.

O alumno examinarase do módulo completo mediante un exame de características similares o do curso, sendo o valor do exame de un 90%. Para aprobar deberá sacar unha nota de polo menos 5.

Ademais deberá presentar as tarefas no aula virtual en caso de non presentalas na convocatoria correspondente, sendo o valor das tarefas dun 10% (deberá presentar polo menos o 50% das tarefas).

No caso de que o alumno presentara as tarefas no seu momento, non deberá presentalas de novo.

9. **Materiais e recursos didácticos do módulo**

- Aula virtual: www.edu.xunta.gal/centros/iesbouzabrey/aulavirtual2 (o curso e módulo correspondente).
- Arquivos, documentos, presentacions, vídeos, etc. sobre contidos concretos, elaborados polo profesor.
- Material bibliográfico diverso: libros, artículos de revistas ou prensa, materiais extraídos de Internet, etc. relacionadas co módulo.
- Pizarra
- Medios audiovisuais e informáticos (vídeo, ordenador, “canón” proxector).

7.4“**ORGANIZACIÓN DEPORTIVA” CÓDIGO: MED-C104**

PROFESOR/A: IVÁN VILLAR FERNÁNDEZ

CONTIDOS

1. Obxectivos didácticos

2. Contidos

3. Resultados de aprendizaxe Criterios de avaliación

4. Temporalización dos contidos: unidades didácticas

5. Aspectos curriculares mínimos para superar ó módulo

6. Procedementos e instrumentos de avaliación

7. Criterios de calificación

8. Avaliación extraordinaria

9. Materiais e recursos didácticos do módulo

1. **Obxectivos didácticos**
    1. *Identificar a organización deportiva local e autonómica relacionándoa coa estrutura administrativa e as súas competencias básicas.*
    2. *Concretar a estrutura do asociacionismo deportivo identificando os seus elementos e organización.*

2. **Contidos**

2.1. Identifica a organización deportiva local e autonómica relacionándoa coa estrutura administrativa e as súas competencias básicas.

- A lexislación básica do Estado e da comunidade autónoma.
- O marco competencial do deporte no ámbito local e autonómico.
- Interpretación da lexislación deportiva básica: obxectivo e rango da norma.

- Estrutura administrativa e organizativa do deporte.

- Estrutura autonómica do deporte.
- Identificación das características esenciais das diferentes estruturas deportivas no ámbito local de servizos e padroados municipais, sociedades públicas, organismos de deputacións, clubs, asociacións, entre outras.
- Aceptación da organización deportiva autonómica e local.

- As fontes de información en normativa xurídica deportiva.

- A terminoloxía básica en normativa deportiva.
- As publicacións oficiais que reflicten a normativa xurídica deportiva.

2.2. Concreta a estrutura do asociacionismo deportivo identificando os seus elementos e organización.

- As federacións deportivas autonómicas: competencias, funcións e estrutura organizativa.
- Tipos de clubs e asociacións deportivas, e a súa importancia no asociacionismo deportivo.
- Asociacionismo deportivo feminino. Presenza das mulleres na organización deportiva.
- As vías de apoio ao asociacionismo deportivo:

- Administración local e autonómica: tipos e formas de axuda.
- As vías de apoio ao asociacionismo deportivo.
- Procedementos para a xestión de apoios ao asociacionismo deportivo.

- Na administración local.
- Na administración autonómica.

3. **Resultados de aprendizaxe e Criterios de avaliación**

RA 1. Identifica a organización deportiva local e autonómica relacionándoa coa estrutura administrativa e as súas competencias básicas.

1. Describíronse as formas de organización a nivel local e autonómico en referencia ao ámbito deportivo.
2. Describíronse as principais competencias e programas das organizacións deportivas locais e autonómicas.
3. Utilizáronse as fontes de información dispoñibles que fan referencia á normativa xurídica deportiva.
4. Utilizouse unha terminoloxía básica axeitada ás estruturas das organizacións deportivas locais e autonómicas, así como da normativa deportiva.

RA 2. Concreta a estrutura do asociacionismo deportivo identificando os seus elementos e organización.

1. Describíronse as competencias, funcións e formas de organización das federacións deportivas autonómicas.
2. Describíronse as formas de asociacionismo deportivo a nivel local e autonómico.
3. Identificáronse as características do asociacionismo deportivo.
4. Describíronse as vías de apoio ao asociacionismo deportivo por parte da administración local e autonómica.
5. Cubriuse a documentación básica para a busca de apoios ao asociacionismo deportivo e describíronse os procedementos que a dita documentación debe seguir.
6. Valorouse a importancia que ten o apoio institucional ao desenvolvemento do asociacionismo deportivo, e a potenciación do asociacionismo feminino como medio de promoción da práctica da actividade físico-deportiva nas mulleres.

4. Temporalización dos contidos: unidades didácticas

O módulo ten unha carga horaria de 5 horas que se distribúen en 6 sesións

UNIDAD DIDÁCTICA	Obx. Aprendizaxe	Contidos	Criterios Av.
Nº 1: 3 sesións A ORGANIZACIÓN DEPORTIVA LOCAL E AUTONÓMICA	1.1	2.1	1.1 ó 1.4

Nº 2: 3 sesións O ASOCIACIONISMO DEPORTIVO	1.2	2.1	2.1 ó 2.6

5. **Aspectos curriculares mínimos para superar ó módulo**

Son aqueles que veñen recollidos no apartado de contidos anterior (segundo ó Decreto 106/2017, do 28 de setembro, polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondentes ao título de técnico deportivo en Baloncesto) desta programación. Para superar ó módulo en convocatoria ordinaria (continua) supereraranse cada un dos criterios de calificación descritos no apartado seguinte e, ademais, que a calificación final obtida alcance un 5.

6. **Procedementos e instrumentos de avaliación**

As estratexias e instrumentos de avaliación deberán ser variados para facilitar o acceso o coñecemento da materia, debido as diferentes características do alumnado, sendo o seguemento individualizado do alumno e a observación directa e sistemática os instrumentos principais do proceso de avaliación do aprendizaxe.

Os instrumentos de avaliación serán:

- Traballo obligatorio
- Traballo voluntario de reforzó
- Asistencia obrigatoria as charlas e actividades complamentarias que sexan organizadas

7. **Criterios de calificación**

REQUISITOS	**PROCEDEMENTO DE CALIFICACIÓN**	
Traballo obligatorio	Traballo	90%
Traballo Voluntario de reforzo	Traballo	10%

8. **Avaliación extraordinaria**

Na avaliación extraordinaria desaparecen os criterios de calificación correspondentes a asistencia.

O alumno examinarase do módulo completo mediante un exame de características similares o do curso, sendo o valor do exame de un 90%. Para aprobar deberá sacar unha nota de polo menos 5.

Ademais deberá presentar as tarefas no aula virtual en caso de non presentalas na convocatoria correspondente, sendo o valor das tarefas dun 10% (deberá presentar polo menos o 50% das tarefas).

No caso de que o alumno presentara as tarefas no seu momento, non deberá presentalas de novo.

9. **Materiais e recursos didácticos do módulo**

- Aula virtual: www.edu.xunta.gal/centros/iesbouzabrey/aulavirtual2 (o curso e módulo correspondente).
- Arquivos, documentos, presentacions, vídeos, etc. sobre contidos concretos, elaborados polo profesor.
- Material bibliográfico diverso: libros, artículos de revistas ou prensa, materiais extraídos de Internet, etc. relacionadas co módulo.
- Pizarra
- Medios audiovisuais e informáticos (vídeo, ordenador, “canón” proxector).

8.- PROGRAMACIÓN BLOQUE ESPECÍFICO.

8.1.- Formación técnica Código: MED-VEVE102

PROFESORA : BIBIANA ÁLVAREZ SEOANE

8.1.1.- Obxetivos didácticos:

1. Fundamenta a navegación a vela, describindo os principios básicos da navegación e relacionándoa cos sistemas vento-vela-casco-auga.
2. Interpreta as condicións da área de navegación a vela, caracterizando os signos naturais e analizando as características hidrográficas dos diferentes tipos de medios acuáticos navegables, e interpretando a información de cartas náuticas e mapas meteorolóxicos.

8.1.2.- Contidos básicos:

1. Fundamenta a navegación a vela, describindo os principios básicos da navegación, relacionándoa cos sistemas vento-vela-casco-auga.

- Os principios básicos da navegación a vela.
- Conceptos básicos de mecánica de fluídos, impulso e resistencia.

◦ O sistema vento-vela-casco-auga (VVCA).

◦ O sistema vento vela-táboa-auga (VVTA).

◦ Dinámica do sistema vento-vela (VV).

◦ Teoría da vela, capa límite, fluxo laminar, circulación de velocidade.

◦ Forzas aerodinámicas: resistencia e sustentación, abatemento/deriva e avance, centro vélico.

◦ Vento real, de velocidade e aparente.

◦ Dinámica do sistema vela-casco e táboa: fluxo laminar.

◦ Dinámica do sistema casco-auga: fluxo laminar.

• Equilibrio do barco: co peso, co temón, coas escotas, coas velas.

• Equilibrio nunha táboa.

• Propulsión do barco: co peso, co temón, coas escotas, coas velas.
• Propulsión da táboa.

• Dirección do barco: co peso, co temón, coas escotas e coas velas.

• Sistema de efectos directos e indirectos que relacionan a propulsión, equilibrio e dirección dunha embarcación (táboa).

2. Interpreta as condicións da área de navegación a vela, caracterizando os signos naturais e analizando as características hidrográficas dos diferentes tipos de medios acuáticos navegables, e interpretando a información de cartas náuticas e mapas meteorol*óxicos.*

• Conceptos básicos: Presión atmosférica, temperatura, humidade e a súa interpretación. Masas de aire: definición, comportamento, desprazamento. O vento. Medida, escalas de medición e tipos, Beaufort. As ondas. Medida, escalas de medición e tipos, Douglas. As mareas, funcionamento das mareas, utilización das táboas.

• Fenómenos atmosféricos xerais e locais que afectan as actividades da vela (gradiente de presión e gradiente de temperatura).

• Signos naturais (observación do ceo, tipo de nubes, altura, dirección, cambios de intensidade de vento e dirección, variacións bruscas de temperatura).

• Interiorizouse a importancia de realizar a análise do contorno antes da navegación.

8.1.3.- Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación:

1.Fundamenta a navegación a vela, describindo os principios básicos da navegación e relacionándoa cos sistemas vento-vela-casco-auga.

1. 1 Describíronse os principios físicos da mecánica de fluídos aplicables á navegación.
1.2 Describíronse as características fundamentais do sistema vento-vela-casco – (táboa)-agua

1.2 Describíronse as características fundamentais das forzas de propulsión e o seu avance, así como a súa composición.

1.3 Describíronse as características fundamentais do vento real, aparente velocidade, así como a deriva do barco e a súa composición.

1.4 Definíronse os conceptos equilibrio e goberno en embarcacións (táboa) a vela.
1.5 Xustificouse a importancia do sistema vento-vela-casco-auga na navegación con aparello fixo e libre

2. Interpreta as condicións da área de navegación a vela, caracterizando os signos naturais e analizando as características hidrográficas dos diferentes tipos de medios acuáticos navegables, e interpretando a información de cartas náuticas e mapas meteorolóxicos.

2.1 Aplicáronse os diferentes conceptos de presión, temperatura e humidade.
2.2 Describíronse as características de desprazamento e comportamento das masas de aire.
2.3 Interpretáronse os datos dos instrumentos de medición, barómetro, termómetro, anemómetro e higrómetro.

2.4 Describíronse a formación e características das ondas.
2.5 Describíronse as escalas de Douglas e Beaufort.
2.6 Explicáronse os conceptos básicos de correntes e mareas.
2.7 Interpretáronse as táboas de mareas para o coñecemento das mareas.
2.8 Describíronse os fenómenos atmosféricos para o desenvolvemento dunha sesión de prácticas.

2.9 Describíronse os signos naturais que permiten predicir cambios do tempo meteorolóxico.

2.10 Identificouse a dirección e intensidade do vento, observando as características da auga e elementos da natureza.

2.11 Valorouse a importancia de revisar as condicións da área de práctica como factor de seguridade na navegación.

8.1.4.- Temporalización dos contidos: unidades didácticas

O módulo ten unha carga horaria de 15 horas que se distribúen en 15 sesións

UNIDADE DIDÁCTICA	N.º Sesió	Result. Aprendiz.	Conti dos	Criterios Av.
Nº 1: PRINCIPIOS BÁSICOS DA NAVEGACIÓN	9	8.1.3 .1	8.1.2. 1	8.1.3.1
Nº 2: METEREOLOXÍA E A SÚA INFLUENCIA NA ÁREA DE NAVEGACIÓN	6	8.1.3 .2	8.1.2. 2.	8.1.3.2.

8.1.5.- Aspectos curriculares mínimos para superar ó módulo

Para superar ó módulo en convocatoria ordinaria (continua) superaranse cada un dos criterios de cualificación descritos no apartado seguinte e, ademais, que a cualificación final obtida alcance un 5.

8.1.6.- Procedementos e instrumentos de avaliación

As estratexias e instrumentos de avaliación deberán ser variados para facilitar o acceso o coñecemento da materia, debido as diferentes características do alumnado, sendo o seguimento individualizado do alumno e a observación directa e sistemática os instrumentos principais do proceso de avaliación do aprendizaxe.

Os instrumentos de avaliación serán:

- Control do rexistro na plataforma de formación e utilización dos recursos alí dispoñibles, de acordo cos criterios de cualificación
- Exercicios e tarefas tanto na clase como a través da plataforma de formación.
- Exame de preguntas cortas e tipo test

8.1.7.- Criterios de cualificación

REQUISITOS		PROCEDEMENTO DE CALIFICACIÓN	
Exame teórico	Alcanzar un 50% da nota máxima	Exame	70 %
Asistencia	Presenza nas sesións teórico- prácticas	Control de asistencia diaria	20 %
Rexistro na plataforma virtual e realización de tarefas/exercicios	Terse rexistrado na aula virtual e ter realizado e presentado as tarefas solicitadas polo profesor (na aula virtual ou na clase)	Control virtual do profesor	10 %

8.1.8.- Avaliación extraordinaria

Na avaliación extraordinaria desaparecen os criterios de calificación

O alumno examinarase do módulo completo mediante un exame de preguntas cortas e tipo test, sendo o valor do exame de un 100%. Para aprobar deberá sacar unha nota de polo menos 5.

8.1.9.- Materiais e recursos didácticos do módulo

- Aula virtual
- Arquivos, documentos, presentacions, vídeos, etc. sobre contidos concretos, elaborados polo profesor.
- Material bibliográfico diverso: libros, articulos de revistas ou prensa, materiais extraídos de Internet, etc. relacionadas co módulo.
- Pizarra
- Medios audiovisuais e informáticos (vídeo, ordenador, “canón” proxector).

8.2.-**Seguridade da navegación e conservación dos materiais . Código: MED-VEVE103**

PROFESORA : BIBIANA ÁLVAREZ SEOANE

Para a aplicación práctica de este módulo se utilizará para o aparello fixo os barcos Elliot

e para o aparello libre: o wingfoil e o windsurf.

8.2.1.- Obxectivos didácticos:

1. Identifica as condicións de seguridade da navegación, interpretando a normativa e aplicando os procedementos de seguridade e de respecto ambiental nas actividades de iniciación á navegación a vela en aparello fixo e libre. En aparello fixo se utilizarán os Elliot 6.0 e en aparello libre o kiteboarding e o windsurf.
2. Intervén no rescate de persoas e embarcacións de AF e AL en condicións propias da iniciación á vela, aplicando as técnicas e protocolos de axuda e rescate.
3. Goberna embarcacións de recreo de ata 8 metros de eslora e potencia de motor axeitada a ela, sempre que a embarcación non se afaste máis de 5 millas, en calquera dirección, dun abrigo, demostrando o control da embarcación, describindo e aplicando as técnicas de mantemento e conservación do motor.
4. Selecciona os materiais náuticos e embarcacións propias da iniciación deportiva a vela, describindo os principios básicos da construción naval, identificando as características das embarcacións, compoñentes e materiais propios da vela con AF e AL.
5. Almacena, estiba e mantén as embarcacións e materiais náuticos, identificando as condicións de almacenamento e transporte, aplicando as técnicas de mantemento axeitadas.

8.2.2.- Contidos básicos e criterios de avaliación:

1. Identifica as condicións de seguridade da navegación, interpretando a normativa e aplicando os procedementos de seguridade e de respecto ao medio nas actividades de iniciación á navegación a vela con AF e AL. • Aplicación de protocolos para o seguimento e a seguridade de actividades de iniciación a vela. (Plan de seguridade). • Regulamento internacional de abordaxes na mar, RIPA:

Regras de rumbo e goberno. ◦ Risco de abordaxes. ◦ Conduta dos buques que se atopan e que se alcanzan. ◦ Conduta dos buques en condicións de visibilidade reducida. • Normativa do Ministerio de Fomento (Mariña Mercante), para embarcacións de recreo: ◦ Normas de obrigado cumprimento. Consellos para a navegación. ◦ Normas e uso de comunicacións. ◦ Normas de balizamento de portos e praias. ◦ Normas de prevención de caídas á auga. • Acoutar a zona de navegación con balizando –GPS- Coñecemento da carta
2. Intervén no rescate de persoas e embarcacións de AF e AL en condicións propias da

iniciación á vela, aplicando as técnicas e protocolos de axuda e rescate. • Remolque de embarcacións de vela. Técnicas: ◦ Abarloadas e en liña. ◦ Un só barco, varios á vez. • A recuperación de veleiros. Técnicas de aproximación, recollida de velas e aparellos, posición da orza, amarre, barco remolcador e remolcado: ◦ Barcos individuais. ◦ Barcos dobres. ◦ Barcos colectivos. • Endereitamento de veleiros. Técnicas: ◦ Individuais, dobres, colectivos .◦ Envorcado completo ou non. ◦ Pau picado no fondo. ◦ Perda de orza e temón. • Rescate de táboas. • Sinais que debe realizar o/a alumno/a. • O salvamento acuático. Manobra de home á auga. (Aproximación, parada, recollida). • Recuperación de náufragos/as desde o barco de seguridade. • Criterios de seguridade: activa e pasiva. • Seguridade e prevención de riscos en vela deportiva. • Balizamento: marcas laterais, de perigo illado, especiais, de augas navegables e cardinais.

3. Goberna embarcacións de recreo de ata 8 metros de eslora e potencia de motor axeitada a ela sempre que a embarcación non se afaste máis de 5 millas, en calquera dirección, dun abrigo, demostrando o control da embarcación, describindo e aplicando as técnicas de mantemento e conservación do motor.

• Os motores de explosión e diésel de 2 e 4 tempos. Diferenzas, partes principais. Mantemento e conservación. • Diferenza entre motores foraborda e intraborda. Diferenzas, partes principais. Mantemento e conservación. • Mantemento e conservación do material especial de rescate: embarcacións de salvamento e material de seguridade. • Manexo de embarcacións de motor. Posta en marcha e parada, avante e atrás, manobras básicas. • Sistemas eléctricos. • Cálculo da autonomía da embarcación de motor. • Utilización de chalecos salvavidas, extintores, bengalas e espellos de sinais. • Nomenclatura náutica. • Lexislación e atribucións do titulo de patrón de navegación básica.

4. Selecciona os materiais náuticos e embarcacións propias da iniciación deportiva a vela, describindo os principios básicos da construción naval, identificando as características das embarcacións, compoñentes e materiais propios da vela con AF e AL .

• Principios básicos de construción naval: estrutura, casco, quilla, roda, codaste, cadernas, biombos, borda. • Principios básicos de construción dunha táboa. • Estrutura do buque: obra viva e obra morta, liña de flotación, proa, popa, babor, estribor, amura, aleta, cuberta. • Nomenclatura náutica: escora, manga puntal, francobordo, calado, asento. • Análise e tendencia dos materiais e procedementos de construción naval. • Procedementos de comprobación do estado dos materiais.

• Cabos e os tipos de fibra (chicote, seo, gaza, boza, firme dynema nylon, poliéster polipropileno, cáñamo…). • Tipos e características das embarcacións de iniciación a vela con aparello fixo e libre (barcos colectivos, individuais, táboas). ◦ Cascos, apéndices. ◦ Velas, cometas. ◦ Arboradura e enxarcia. ◦ Tipoloxía de materiais. ◦ Utilización desde un punto didáctico e de formación. vantaxes e inconvenientes

5. Almacena, estiba e mantén as embarcacións e materiais náuticos, identificando as condicións de almacenamento e transporte, aplicando as técnicas de mantemento axeitadas.

• Conceptos básicos, tipos e características das instalacións de vela. • Mantemento de embarcacións: características e mantemento, diagnóstico de avarías, reparacións básicas e de urxencia, ferramentas para a reparación, embarcacións. • Mantemento de embarcacións de seguridade. • Transporte de embarcacións, normativa básica, código de circulación. • Descrición de todos os tipos de transporte utilizados (remolques, bacas). • Almacenaxe e estiba de embarcacións e os seus aparellos. • Normativa aplicable en cada comunidade autónoma en materia ambiental. • Tipos de pantaláns, ramplas e guindastres.

8.2.3.- Resultados da aprendizaxe :

RA 1. Identifica as condicións de seguridade da navegación, interpretando a normativa e aplicando os procedementos de seguridade e de respecto ambiental nas actividades de iniciación á navegación a vela en aparello fixo e libre. En aparello fixo se utilizarán os Elliot 6.0 e en aparello libre o wingfoil e o windsurf.

1.1 Deseñouse a seguridade dun grupo de deportistas de iniciación, dependendo das súas características (número, idade, etc.) e as condicións de navegación

1.2 Estableceuse o equipamento persoal básico segundo distintas condicións meteorolóxicas e navegación

1.3 Identificouse na carta náutica as diferentes letras, líneas e signos . identificouse o porto de saída e arribada, así como a ruta que se vaia realizar.Identificase un punto na carta cas súas coordenadas e se traslada ao GPS

1.4 Describíronse os pasos necesarios para asegurar as condicións do material antes de saír á auga.

1.5 Describíronse as normas de seguridade, de prevención de caídas á auga e abandono das embarcacións do Ministerio de Fomento-Mariña Mercante, para

embarcacións de recreo.

1.6 Aplicáronse, en situacións simuladas, os sinais de perigo prescritos no Regulamento internacional para previr as abordaxes (RIPA).

1.7 Utilizáronse as normas de balizamento de portos, praias, entradas e saídas do Ministerio de Fomento (Mariña Mercante), para garantir a seguridade dos/as usuarios/as das praias.

1.8 Describíronse os procedementos de activación dos medios de salvamento en caso de urxencia, establecidos polo Ministerio de Fomento (Mariña Mercante).

1.9 Describíronse as recomendacións de Salvamento Marítimo con respecto á protección do medio.

1.10 Describiuse o sistema mundial de socorro e seguridade marítima (

1.11 Aplicáronse as normas de transmisión e recepción de mensaxes, así como os equipos de comunicación para as embarcacións de recreo e o seu uso

RA 2. Intervén no rescate de persoas e embarcacións de AF e AL en condicións propias da iniciación á vela, aplicando as técnicas e protocolos de axuda e rescate.

2.1 Explicouse e realizouse remolque de embarcacións tanto polo método de abarloadas, como en liña.

2.2 Explicouse e realizouse remolque dunha soa embarcación ou de varias á vez.

2.3 Explicáronse as distintas técnicas de recuperación de barcos, tendo en conta se son solitarios, dobres ou colectivos.

2.4 Realizouse a recuperación de barcos, tendo en conta se son solitarios, dobres ou colectivos.

2.5 Realizouse o endereitamento da embarcación envorcada, desde o barco de seguridade, tendo en conta se a embarcación estaba boca abaixo ou non, se ten orza ou non, ou se cravou o pau no fondo ou non.

2.6 Nun suposto práctico explicouse e realizouse o rescate dunha táboa.

2.7 Aplicáronse os protocolos de aproximación á embarcación desde a pneumática de seguridade, recollida de aparellos, amarre e remolque de embarcación, nun suposto práctico de rotura ou avaría.

2.8 Describíronse e aplicáronse os protocolos de aproximación e recuperación dun home á auga, desde unha embarcación a vela, nun suposto práctico.

2.9 Describíronse e aplicáronse os protocolos de aproximación e recuperación dun home á auga, desde unha embarcación de seguridade, nun suposto práctico.

2.10 Valorouse a importancia da mentalización do persoal técnico deportivo en todo o referente á seguridade.

2.11 Explicáronse e recoñecéronse as marcas laterais, de perigo illado, especiais, de augas navegables e cardinais e o RIPA

RA 3. Goberna embarcacións de recreo de ata 8 metros de eslora e potencia de motor axeitada a ela, sempre que a embarcación non se afaste máis de 5 millas, en calquera dirección, dun abrigo, demostrando o control da embarcación, describindo e aplicando as técnicas de mantemento e conservación do motor.

3.1 Explicouse o funcionamento xeral dun motor de explosión de 2 e 4 tempos e un motor diésel de 2 e 4 tempos.

3.2 Explicáronse as diferenzas entre os motores de explosión e os motores diésel.

3.3 Explicáronse as partes principais dos motores: bloque, culata, cárter, cilindro e camisa, émbolo, biela, cegoñal, válvulas, eixo de levas, volante, bancada.

3.4 Explicouse o funcionamento das embarcacións de salvamento e os accesorios de seguridade que debe levar.

3.5 Demostrouse o manexo dunha embarcación de salvamento: preparación para a posta en marcha, arranque, parada, avante e atrás, así como manobras de saída e entrada en praia, pantalán, rampla ou fondeadoiro.

3.6 Explicouse o funcionamento dos sistemas eléctricos.

3.7 Realizouse o cálculo da autonomía dunha embarcación de recreo de motor.

3.8 Demostrouse o manexo de chalecos salvavidas, extintores, bengalas e espello de sinais.

3.9 Realizáronse exercicios de conservación e mantemento de motores: carburación, inxección, acendido, refrixeración, lubricación e invernaxe, cambio de buxías, filtros, niveis de aceite.

3.10 Explicouse as atribucións que ten o titulo de patrón de navegación básica.

4. Selecciona os materiais náuticos e embarcacións propias da iniciación deportiva a vela, describindo os principios básicos da construción naval, identificando as características das embarcacións, compoñentes e materiais propios da vela con AF e AL.

4.1 Explicáronse os principios básicos da construción naval e as forzas que actúan sobre eles.

4.2 Explicáronse os diferentes materiais e procedementos básicos de construción naval, as súas características e a súa utilización.

4.3 Describíronse os tipos de velas, cometas e os materiais de construción. d) Diferenciouse entre arboradura e enxarcia, describindo a tipoloxía dos materiais. e) Describíronse e aplicáronse os criterios de comprobación do estado dos materiais de iniciación deportiva á vela con AF e AL.

4.4 Valorouse a importancia da comprobación do estado do material como acción previa

á navegación.

4.5 Describíronse os tipos de embarcacións utilizados na iniciación á vela con AF e AL.

4.6 Explicouse a utilización dos diferentes tipos de embarcacións da iniciación desde un punto de vista didáctico e de formación.

5. Almacena, estiba e mantén as embarcacións e materiais náuticos, identificando as condicións de almacenamento e transporte, aplicando as técnicas de mantemento axeitadas.

5.1 Describíronse os procedementos, materiais e ferramentas máis usuais na reparación de embarcacións de iniciación deportiva con AF e AL.

5.2. Efectuáronse reparacións sinxelas, aplicando os materiais e ferramentas axeitadas.

5.3. Realizáronse as técnicas de mantemento básicas das embarcacións.

5.4. Describíronse os criterios de almacenaxe en función da súa tipoloxía e lugar de almacenaxe.

5.5. Realizáronse as accións de reparación das embarcacións e material auxiliar nun suposto práctico.

5.2 Realizáronse as accións de carga das embarcacións e material auxiliar nun suposto práctico

5.3 Describiuse a normativa de aplicación no transporte de embarcacións.

5.4. Describiuse a normativa ambiental de aplicación aos procedementos de uso e eliminación dos materiais de reparación.

5.4 Argumentouse a importancia do respecto aos procedementos de reparación para a seguridade persoal e ambiental.

5.5 Describíronse as características básicas das instalacións náuticas.

8.2.4.- Temporalización dos contidos: unidades didácticas

O módulo ten unha carga horaria de 30 horas que se distribúen en 30 sesións

UNIDADE DIDÁCTICA	N.º Sesió	Resu Apren diz.	Contidos	Criterios Av.
Nº 1: A SEGURIDADE NO MANEXO DAS EMBARCACIÓNS DE APARELLO FIXO E LIBRE	14	8.2.2.1 8.2.2.2	8.2.2.1 8.2.2.2	8.2.2.1 8.2.2.2
Nº 2: O MANEXO BÁSICO DAS EMBARCACIÓNS ATA 8 METROS DE ESLORA CON MOTOR	10	8.2.2.3	8.2.2.3 8.2.2.4	8.2.2.3
N.º 3.- A ESTIBA DOS MATERIAIS NÁUTICOS	6	8.2.2.4 8.2.2.5	8.2.2.5	8.2.2.4 8.2.2.5

8.2.5.- Aspectos curriculares mínimos para superar ó módulo

Para superar ó módulo en convocatoria ordinaria supararanse cada un dos criterios de cualificación descritos no apartado seguinte e, ademais, que a cualificación final obtida alcance un 5.

8.2.6.- Procedementos e instrumentos de avaliación

As estratexias e instrumentos de avaliación deberán ser variados para facilitar o acceso o coñecemento da materia, debido as diferentes características do alumnado, sendo o seguimento individualizado do alumno e a observación directa e sistemática os instrumentos principais do proceso de avaliación do aprendizaxe.

Os instrumentos de avaliación serán:

- Control do rexistro na plataforma de formación e utilización dos recursos alí dispoñibles, de acordo cos criterios de cualificación
- Exercicios e tarefas tanto na clase como a través da plataforma de formación.
- Exame de preguntas cortas e tipo test

8.2.7.- Criterios de cualificación

REQUISITOS		**PROCEDEMENTO DE CALIFICACIÓN**	
Exame teórico	Alcanzar un 50% da nota máxima	Exame	40 %
Asistencia	Presenza nas sesións teórico- prácticas	Control de asistencia diaria	40 %
Rexistro na plataforma virtual e realización de tarefas/exercicios	Terse rexistrado na aula virtual e ter realizado e presentado as tarefas solicitadas polo profesor (na aula virtual ou na clase)	Control virtual do profesor	20 %

8.2.8.- Avaliación extraordinaria

Na avaliación extraordinaria desaparecen os criterios de cualificación correspondentes a asistencia.

O alumno examinarase do módulo completo mediante un exame de características similares o do curso teórico, sendo o valor do exame teórico de un 30%. E constará de preguntas tipo test e preguntas cortas .O examen práctico terá un valor do 70% As 3 probas prácticas consistirán en :

Uso de VHF :

Axustar parámetros iniciais como SQL e volumen

Seleccinar a potencia de transmisión según recomenda a lexislación (Low)

Configurar DUAL 69/16

Operar a a emisora de radio con destreza e eficiencia temporal

Posicinamento na carta de un waypoin e trasladalo ao GPS

Aparellar unha vela de windsurf (para poco / moito vento)

.Para superar o módulo nas dúas probas se deberá alcanzar un 50% da nota máxima

8.2.9 .- Materiais e recursos didácticos do módulo

- Aula virtual
- Arquivos, documentos, presentacións, vídeos, etc. sobre contidos concretos, elaborados polo profesor.
- Material bibliográfico diverso: libros, articulos de revistas ou prensa, materiais extraídos de
  Internet, etc. relacionadas co módulo.
- Pizarra
- Medios audiovisuais e informáticos (vídeo, ordenador, “canón” proxector).
- Todas as clases prácticas se desenrolarán co seguinte material e nas seguintes instalacións:
  - Aparello fixo: No CDG de vela con embarcacións colectivas.
  - Aparello libre: Pode ser no CGV de vela con táboas de windsurf ou nunha praia próxima (Illa de Arousa, As Sinas…) para Kite Surf ou Windsurf.

8.3.- Metodoloxía da vela e iniciación á competición Código: MED-VEVE104

PROFESORA : BIBIANA ÁLVAREZ SEOANE

8.3.1.- Obxectivos didácticos:

1. Concreta o programa de referencia e organiza sesións de iniciación á vela con AF e AL, interpretando a programación de referencia, identificando as características das sesións,

elaborando e caracterizando as secuencias da aprendizaxe.

2. Dirixe os/as deportistas en sesións de iniciación deportiva á vela con AF e AL, describindo e aplicando procedementos de control, organización e dinamización e modelos de relación do persoal técnico cos/coas deportistas do seu equipo.

3. Valora a técnica de navegación en vela con embarcacións de AF e AL, describindo as etapas de adquisición da técnica e as características da aprendizaxe destas, aplicando técnicas de observación, elaborando instrumentos de observación, identificando os erros máis usuais nesta etapa e relacionando os erros coas tarefas de corrección máis habituais.

4. Colabora na recollida de información do proceso de iniciación á vela e á competición con AF e AL identificando as características da información e dos instrumentos de avaliación máis axeitados, utilizando procedementos para a súa obtención ao longo da actividade.

5. Acompaña os/as deportistas na navegación e en competicións de iniciación a vela con AF e AL, interpretando a normativa básica aplicable a ambas as situacións, identificando as características da competición e os requisitos de inscrición.

6. Colabora na organización de eventos e actividades de iniciación á vela con AF e AL, describindo e analizando os requisitos materiais e humanos necesarios.

8.3.2.- Contidos básicos:

1. Concreta o programa de referencia e organiza sesións de iniciación á vela con AF e AL, interpretando a programación de referencia, identificando as características das sesións, elaborando e caracterizando as secuencias da aprendizaxe.

- Etapas da iniciación á vela tendo en conta estándares da RFEV e as federacións deportivas autonómicas (FFDDAA).
- Aplicación de estándares de iniciación á vela da RFEV e FFDDAA.
- Contidos básicos de estándares, dirección, propulsión, equilibrio, orientación, etc. (áreas de ensino).
- Obxectivos que se pretende conseguir.
- Programación de actividades na iniciación á vela seguindo estándares.
- Estrutura dun programa de actividades de iniciación á vela.
- O xogo e actividades náutico-recreativas a vela na iniciación á vela.
- Seriación da aprendizaxe dos exercicios de iniciación.
- Importancia de traballar con percorridos e circuítos balizados.
- Características dunha sesión de iniciación.

- Elementos da programación de actividades náuticas.
- Elaboración do programa operativo.

2. Dirixe os/as deportistas en sesións de iniciación deportiva á vela con AF e AL, describindo e aplicando procedementos de control, organización e dinamización e modelos de relación do/a adestrador/a cos/coas deportistas do seu equipo.

- O escenario da aprendizaxe en terra e en auga. Características.
- Intervención do persoal técnico na sesión de iniciación á vela:
  - Dinamización e dirección técnica en vela.
  - Técnicas de control de grupos e unión estes para a actividade.
  - Motivación, dinamización, reforzos.
  - Estratexias metodolóxicas en vela: técnicas, métodos de ensino.
  - Outros modelos de intervención na iniciación á vela.
  - Coñecemento dos resultados.
- Funcións do persoal técnico.
- Colocación do persoal técnico na auga e en terra:
  - Visualización constante da área e dos/as navegantes.
  - Percepción e comprensión das súas indicacións.
- Continxencias nunha sesión de iniciación:
  - Medidas de control para previr riscos durante a sesión.

3. Valora a técnica de navegación en vela con embarcacións de AF e AL, describindo as etapas de adquisición da técnica e as características da aprendizaxe destas, aplicando técnicas de observación, elaborando instrumentos de observación, identificando os erros máis usuais nesta etapa, relacionando os erros coas tarefas de corrección máis habituais.

- Obxectivos da avaliación, rexistro e avaliacións individuais ou comparativas.
- Instrumentos e técnicas de observación e identificación e corrección de erros.
- Áreas de avaliación:
  - Avaliación de navegación (4 áreas).
  - Dirección, propulsión, equilibrio e orientación espacial.
  - Avaliación de seguridade (3 áreas).
  - Seguridade activa e pasiva, intereses e motivacións.
  - Avaliación de manobras (3 áreas).
- Manobra, equipo de navegación, aparello e léxico.
- Erros máis usuais ao realizar as técnicas de iniciación.
- Valoración inicial e final do nivel técnico do/a deportista/usuario-a.

- Táboas de avaliación a partir dos obxectivos estándares.
- Descrición de estándares de iniciación da RFEV, niveis da aprendizaxe, características.
- Aprendizaxe e desenvolvemento motor, elementos do proceso de ensino-aprendizaxe e proceso de adquisición da habilidade motriz en vela, con base na técnica de avaliación.

4. Colabora na recollida de información do proceso de iniciación á vela e á competición con AF e AL identificando as características da información e dos instrumentos de avaliación máis axeitados, utilizando procedementos para a súa obtención ao longo da actividade.

- Obxectivos control da sesión e do proceso de iniciación á navegación a vela e á competición con AF e AL.
- Os sistemas de recollida de información:
  - Cuestionarios antes do inicio do curso, sobre intereses e coñecementos.
  - Cuestionarios, ao terminar o curso: de opinión, de coñecementos e un rexistro de datos do observado durante a navegación.
  - Estrutura e contidos de memorias e informes.
  - Cuestionarios de avaliación que realiza o/a alumno/a, sobre a actividade e o persoal técnico.
- Utilización dos recursos e tipo de soportes de almacenamento e proceso da información.
- Elaboración de informes sobre o proceso de iniciación á vela e á competición.
- Tratamento e interpretación dos resultados obtidos na recollida de información:
  - Obxectividade e rigor na aplicación do proceso.
  - Protocolo de seguimento das actividades e recollida da información.
  - A organización da actividade. Aspectos para valorar.
  - Toma de conciencia da importancia da imaxe e o comportamento do persoal técnico no desenvolvemento da iniciación á navegación a vela con AF e AL.
  - A información como base da mellora permanente na organización e xestión da actividade.

5. Acompaña os/as deportistas na navegación e en competicións de iniciación a vela con AF e AL, interpretando a normativa básica aplicable a ambas as situacións, identificando as características da competición e os requisitos de inscrición.

- Normativa relacionada coas actividades da vela.
- Regulamento federativo:
  - Normativa de organización de regatas da RFEV. Conceptos básicos.

- Normativa de competicións e licenzas. Conceptos básicos.

• Regulamentos de regatas de vela (RRV).

- Principios básicos e sinais de regata.
- Parte 1-Regras fundamentais.
- Parte 2-Cando os barcos se atopan.
- Definicións.

• Clases recomendadas pola RFEV, como barcos de iniciación. Características.

• Código internacional de sinais.

6. Colabora na organización de eventos e actividades de iniciación á vela con AF e AL, describindo os requisitos materiais e humanos necesarios.

• Actividades e eventos de iniciación á vela deportiva: tipos, características.

• Competicións e regatas de iniciación deportiva á vela:

- Formatos.
- Tipos de regata e percorridos.
- Necesidades materiais.
- O anuncio de regata. Inscricións.
- Resultados. Elaboración e comunicación destes.
- Instrucións da regata.
- Comités de regata. Tipos e características.

• Protocolo e cerimonial deportivo.

• Campos de regata. Características.

• Canle balizada de entrada e saída.

• Habilitación do campo de prácticas. Fondeo de embarcacións, áncoras que se utilizarán.

8.3.3.- Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación:

1. Concreta o programa de referencia e organiza sesións de iniciación á vela con AF e AL, interpretando a programación de referencia, identificando as características das sesións, elaborando e caracterizando as secuencias da aprendizaxe.

1.1. Describíronse as etapas do ensino da técnica de iniciación de navegación con AF e AL.

1.2. Explicouse en que consiste o ensino por estándares e en que circunstancia debe aplicarse.

1.3. Describíronse as características dun estándar técnico en canto a obxectivos que se deben conseguir en navegación deportiva a vela no nivel de iniciación.

1.4. Describíronse estándares técnicos dun programa do proceso de iniciación deportiva á vela con AF e AL, en canto a condicións meteorolóxicas, medios que se utilicen e a relación entre eles.

1.5. Establecéronse as secuencias da aprendizaxe relacionadas con estándares de navegación deportiva a vela no nivel de iniciación á vela con AF e AL.

1.6. Concretáronse xogos ou actividades náutico-recreativas relacionados con estándares de navegación deportiva a vela no nivel de iniciación á vela con AF e AL.

1.7. Describíronse as características dunha sesión tipo de iniciación á navegación deportiva a vela en AF e AL.

1.8. Concretáronse os obxectivos operativos da sesión nun suposto práctico de estándar de navegación no nivel de iniciación á vela con AF e AL.

1.9. Valorouse a importancia da preparación de sesións atendendo ao programa de referencia como elemento de calidade da iniciación á vela.

1.10 Concretáronse na programación os principios básicos-teóricos da navegación a vela relacionados cos obxectivos da iniciación deportiva a vela con AF e AL.

2. Dirixe os/as deportistas en sesións de iniciación deportiva á vela con AF e AL, describindo e aplicando procedementos de control, organización e dinamización e modelos de relación do persoal técnico cos/coas deportistas do seu equipo.

2.1 Describíronse as características do escenario da aprendizaxe: en terra e na auga.

2.2 Describíronse as técnicas básicas de: organización, distribución na área de navegación e de seguridade, dunha sesión práctica de iniciación á vela con AF e AL.

2.3 Explicouse como exercer o control do grupo, unindo e dinamizando a actividade de vela.

2.4 Describiuse a colocación do persoal técnico durante o desenvolvemento da actividade que facilite a percepción e compresión das súas indicacións.

2.5 Estableceuse a colocación do persoal técnico durante o desenvolvemento da sesión que permita a constante visualización da zona de navegación e dos/as usuarios/as.

2.6 Describíronse as continxencias máis probables nunha sesión de iniciación deportiva á vela con aparello fixo e libre diferenciadas nos bloques de organización, docencia e material

2.7 Describíronse e aplicáronse as medidas de control máis usuais para previr riscos no desenvolvemento da sesión de iniciación deportiva á vela con aparello fixo e libre.

2.8 Describíronse os tipos de reforzo e coñecemento dos resultados utilizados na iniciación á vela con AF e AL.

2.9 Describíronse as funcións do persoal técnico de iniciación, no desenvolvemento da sesión nesta etapa.

2.10 Valorouse a iniciativa á hora de concretar e organizar as sesións de iniciación.

3. Valora a técnica de navegación en vela con embarcacións de AF e AL, describindo as etapas de adquisición da técnica e as características da aprendizaxe destas, aplicando técnicas de observación, elaborando instrumentos de observación, identificando os erros máis usuais nesta etapa e relacionando os erros coas tarefas de corrección máis habituais.

3.1. Explicáronse as técnicas de valoración polo sistema de controis e efectos, recoñecendo a evolución dos/as alumnos/as no coñecemento, a comprensión e a aprendizaxe dos xestos técnicos.

3.2. Describíronse os procedementos de observación da técnica na iniciación á vela con AF e AL.

3.3. Identificáronse os instrumentos de recollida e rexistro de datos da execución técnica d estándares propios da iniciación á vela con AF e AL.

3.4. Interpretáronse os informes técnicos realizados identificando as características da etapa da iniciación.

3.5. Realizouse un informe estandarizado sobre a execución práctica de estándares de navegación a vela con AF e AL, tendo en conta as áreas de avaliación.

3.6. Explicáronse os erros tipo nas técnicas da etapa de iniciación deportiva, utilizando un inventario de técnicas básicas.

3.7. Relacionáronse as tarefas de corrección, cos erros tipicos na execución de estándares de navegación a vela con AF e AL.

3.8. Observouse a execución técnica do/a deportista, avaliando os erros e propondo solucións.

3.9. Interiorizouse a necesidade de informar os/as alumnos/as sobre os erros cometidos como factor de mellora da técnica de navegación a vela con AF e AL.

4. Colabora na recollida de información do proceso de iniciación á vela e á competición con AF e AL identificando as características da información e dos instrumentos de avaliación máis axeitados, utilizando procedementos para a súa obtención ao longo da actividade.

4.1 Identificáronse os parámetros que describe o desenvolvemento das sesións e

competicións de iniciación á vela en AF e AL e que son susceptibles de valoración.

4.2. Describíronse procedementos de valoración e control do proceso de ensino-aprendizaxe na iniciación á navegación a vela e á competición con AF e AL.

4.3 Describíronse os instrumentos de recollida da información sobre os aspectos que se deben valorar nunha sesión e competición de iniciación á vela con AF e AL.

4.4 Describíronse as características dos instrumentos utilizados para a recollida de información sobre o grao de satisfacción dos/as participantes e o desenvolvemento da actividade.

4.5 Describíronse as características dun informe que recolla a información sobre o desenvolvemento dunha sesión e competición de iniciación á vela con AF e AL.

4.6 Identificáronse as pautas para a elaboración dunha memoria co tratamento da información xerada no proceso de avaliación, como guía das futuras actividades e competicións.

4.7 Aplicáronse, en situacións prácticas, os instrumentos elaborados para a recollida de información en actividades e competicións de iniciación á vela con AF e AL.

4.8 Identificouse a importancia da recollida sistemática de información das actividades e competicións, como base para a mellora permanente na organización e xestión de actividades.

4.9 Valorouse o grao de participación dos/as alumnos/as e o aproveitamento do tempo de práctica como factor de calidade das actividades de iniciación á navegación a vela e á competición.

4.10 Xustificouse a importancia da imaxe e o comportamento do persoal técnico á hora de transmitir actitudes de seguridade e respecto ambiental.

5. Acompaña os/as deportistas na navegación e en competicións de iniciación a vela con AF e AL, interpretando a normativa básica aplicable a ambas as situacións, identificando as características da competición e os requisitos de inscrición.

5.1 Describíronse as funcións básicas dos distintos comités (xuíces/xuízas, oficiais, árbitros e medidores/as) no desenvolvemento dunha regata.

5.2 Recoñeceuse e aplicouse correctamente o contido da Guía federativa anual, no relativo ao regulamento de competicións e licenzas.

5.3 Enumeráronse as partes do Regulamento de regatas a vela (RRV), describindo o seu contido, así como as definicións.

5.4 Aplicouse correctamente o contido das regras da parte 1 e 2 do Regulamento de regatas de vela, nunha situación simulada.

Explicouse o uso das «Sinais de regata» descrito no RRV.

a) Describíronse as características das clases recoñecidas pola RFEV.

b) Valorouse a importancia dunha aplicación obxectiva da normativa básica utilizada na iniciación á competición de vela con AF e AL.

c) Valorouse a importancia de que o comportamento dos/as deportistas axústese ao principio básico de deportividade descrito no RRV.

6. Colabora na organización de eventos e actividades de iniciación á vela con AF e AL, describindo e analizando os requisitos materiais e humanos necesarios.

6.1 Describíronse os tipos de competicións apropiadas a esta iniciación á competición, os seus formatos e percorridos.

6.2 Describiuse a relación de material necesario para a realización dunha regata ou evento de iniciación á vela con AF e AL.

6.3 Establecéronse as características dun campo de prácticas para a realización de eventos ou competicións de iniciación á vela con AF e AL.

6.4 Describíronse os criterios para o fondeo de forma eficaz, sen garrar, de embarcacións e balizas en diferentes condicións meteorolóxicas.

6.5 Aplicáronse, nunha situación practica, os contidos do anuncio e instrucións de regata.

6.6 Describíronse as canles de información axeitados para facer chegar a información os/as deportistas, nunha regata ou evento de iniciación á vela con AF e AL.(Escora,manage2sail,TOA)

6.7 Describíronse os horarios da competición, a inscrición para os/as participantes, a elaboración e comunicación de resultados , así como o protocolo para o acto de entrega de trofeos.

6.8 Describíronse os compoñentes: do Comité de regatas,Comité técnico de protestas, xuíces/xuízas, oficiais.

6.9 Valorouse a importancia da colaboración na organización de eventos e actividades de iniciación á vela.

8.3.4.- Temporalización dos contidos: unidades didácticas

O módulo ten unha carga horaria de 25 horas que se distribúen en 16 sesións

UNIDADE DIDÁCTICA	N.º Sesi	Result. Aprendiz.	Contidos	Criterios Av.
Nº 1: A PROGRAMACIÓN DAS SESIÓNS DE INICIACIÓN EN APARELLO FIXO E LIBRE	1	8.3.3.1 8.3.3.2	8.3.2.1 8.3.2.2	8.3.3.1 8.3.3.2
Nº 2: OS ESTÁNDARES NA INICIACIÓN A VELA	9	8.3.3.1 8.3.3.2 8.3.3.3	8.3.2.3 8.3.2.4	8.3.3.1 8.3.3.2 8.3.3.3
N.º 3.- O REGULAMENTO DAS COMPETICIÓNS	6	8.3.3.4 8.3.3.5 8.3.3.6	8.3.2.5 8.3.2.6	8.3.3.4 8.3.3.5 8.3.3.6

8.3.5.- Aspectos curriculares mínimos para superar ó módulo

Para superar ó módulo en convocatoria ordinaria (continua) superaranse cada un dos criterios de cualificación descritos no apartado seguinte e, ademais, que a cualificación final obtida alcance un 5.

8.3.6.- Procedementos e instrumentos de avaliación

As estratexias e instrumentos de avaliación deberán ser variados para facilitar o acceso o coñecemento da materia, debido as diferentes características do alumnado, sendo o seguimento individualizado do alumno e a observación directa e sistemática os instrumentos principais do proceso de avaliación do aprendizaxe.

Os instrumentos de avaliación serán:

- Control do rexistro na plataforma de formación e utilización dos recursos alí dispoñibles, de acordo cos criterios de cualificación
- Exercicios e tarefas tanto na clase como a través da plataforma de formación.
- Exame de preguntas cortas e tipo test

8.3.7.- Criterios de cualificación

REQUISITOS		PROCEDEMENTO DE CALIFICACIÓN	
Exame teórico	Alcanzar un 50% da nota máxima	Exame	70 %
Asistencia	Presenza nas sesión teórico-prácticas	Control de asistencia diaria	20 %
Rexistro na plataforma virtual e realización de tarefas/exercicios	Terse rexistrado na aula virtual e ter realizado e presentado as tarefas solicitadas polo profesor (na aula virtual ou na clase)	Control virtual do profesor	10 %

8.3.8.- Avaliación extraordinaria

Na avaliación extraordinaria desaparecen os criterios de cualificación

O alumno examinarase do módulo completo mediante un exame de tipo test, sendo o valor do exame de un 100%. Para aprobar deberá sacar unha nota de polo menos 5.

Criterio de Calificación y Penalización por Fallos

Norma de Corrección:

- Acerto: Suma +0,50 pontos
- Fallo: Resta -0,50 pontos (1 fallo resta 1 acerto completo)
- En branco: Puntúa 0,00 puntos

Fórmula de Calificación:

Nota Final = (Aciertos- Fallos) X 0.50

Nota aclaratoria: Cada resposta incorrecta anula completamente unha respuesta correcta.

8.3.9.- Materiais e recursos didácticos do módulo

- Aula virtual:
- Arquivos, documentos, presentacións, vídeos, etc. sobre contidos concretos, elaborados polo profesor.
- Material bibliográfico diverso: libros, articulos de revistas ou prensa, materiais extraídos de Internet, etc. relacionadas co módulo.
- Pizarra
- Medios audiovisuais e informáticos (vídeo, ordenador, "canón" proxector).
- Embarcacións do Centro Galego de Alto Rendemento en vela da Federación Galega en vela.

8.3.10.- Espazos e material específico a utilizar para a impartición do módulo.

Grazas o convenio establecido entre a Secretaria Xeral para o Deporte e a Consellería de Educación este módulo se impartirá no Centro Galego de Alto Rendemento en vela da Federación Galega en vela así mesmo se utilizarán as embarcacións cedidas por este centro.

Para as sesións específicas de embarcacións de aparello libre tales como o Kiteboarding e o windsurf nos desprazaremos as praias cercanas a este centro como a de As Sinas e a Illa de Arousa xa que estas praias están ben orientadas para poder desenvolver as clases prácticas con seguridade.

8.4.- FORMACIÓN PRÁCTICA

Código: MED-VEVE105

8.4.1.- Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación.

1. Identifica a estrutura organizativa e o funcionamento do club ou entidade deportiva, relacionándoa coa oferta de actividades en relación coa iniciación deportiva ou co acompañamento de usuarios/as en actividades de navegación a vela.

a) Identificouse a estrutura da organización deportiva local e autonómica e as súas rela-cións co club ou entidade deportiva.

b) Identificouse a estrutura organizativa e o funcionamento das distintas áreas do club ou entidade deportiva.

c) Recoñeceuse o tipo de asociación deportiva do club ou entidade deportiva de prácticas.

d) Identificáronse as relacións xerárquicas dentro do club ou entidade deportiva.

e) Identificouse a oferta de actividades vinculadas á iniciación deportiva ou ao acompa- ñamento de usuarios/as.

f) Distinguiuse a oferta de actividades orientada á práctica da navegación a vela nas mulleres.

g) Identificáronse as vías de apoio institucional (local e autonómico) utilizadas polo club ou entidade deportiva.

h) Recoñecéronse os valores educativos presentes nas actividades da navegación a vela do club ou entidade deportiva.

2. Actúa con autonomía, iniciativa e responsabilidade no posto de traballo, demostrando comportamento ético, habilidades persoais de comunicación, traballo en equipo, respecto polo medio e aplicando os procedementos establecidos pola empresa.

a) Identificáronse os requirimentos actitudinais do posto de traballo.

b) Interpretáronse e cumpríronse as instrucións recibidas e responsabilizouse do traba¬llo asignado.

c) Demostrouse compromiso co traballo ben feito e a calidade do servizo, así como res-pecto aos procedementos e principios propios do club ou entidade deportiva.

d) Demostrouse capacidade de traballo en equipo e respecto á xerarquía establecida no club ou entidade deportiva.

e) Establecéronse unha comunicación e relación eficaz co persoal técnico responsable da actividade e os membros do equipo, mantendo un trato fluído e correcto.

f) Coordinouse co resto do equipo, informando de calquera cambio, necesidade relevan¬te ou imprevisto que se presente na actividade.

g) Mantivose unha actitude clara de respecto ao medio nas actividades desenvolvidas e aplicado as normas internas e externas vinculadas a ela.

h) Utilizáronse os equipos de prevención de riscos laborais propios da navegación a vela.

i) Aplicáronse os aspectos fundamentais da Lei de prevención de riscos laborais, rela- cionados coas actividades, competicións e eventos da iniciación deportiva en vela.

3. Colabora no desenvolvemento das actividades de iniciación á vela e á competición con aparello fixo (AF) e aparello libre (AL), identificando os requisitos materiais e humanos necesarios e interpreta as programacións de referencia e executando os procedementos de acordo coa norma establecida, e instrucións recibidas.

a) Identificáronse e interpretáronse as instrucións recibidas e/ou documentación aso¬ciada á organización e xestión de pequenas competicións e eventos propios da iniciación deportiva en vela.

b) Interpretáronse e identificáronse as medidas de protección e de seguridade persoal do/a deportista durante a competición, tendo en conta as características da competición de iniciación en vela.

c) Realizáronse xestións de petición dos permisos necesarios para a realización da actividade, competición ou evento de iniciación deportiva en vela.

d) Realizáronse accións de colaboración e intervención na organización e xestión de pequenas competicións e eventos propios da iniciación deportiva en vela.

e) Realizouse a recollida de documentación para a inscrición dos/as participantes nunha actividade ou eventos de iniciación deportiva en vela.

f) Aplicáronse criterios á revisión e confidencialidade da documentación presentada po-los/as participantes na actividade.

g) Describíronse as canles de comunicación para facer chegar os/as regatistas: o anun¬cio e as instrucións de regata.

h) Describiuse a relación do material necesario para a realización dunha regata ou even¬to de iniciación á vela con AF e AL.

i) Realizáronse as operacións necesarias para establecer as áreas de navegación e os percorridos para unha actividade de iniciación á vela e á competición con AF e AL.

j) Realizáronse accións de preparación e comprobación do material de comunicación utilizado nas actividades de iniciación á vela con AF e AL.

k) Realizouse a comunicación a través dos medios existentes, aplicando as técnicas e procedementos axeitados.

4. Concreta e dirixe sesións de iniciación á navegación a vela con AF e AL e dirixe o/a regatista en competicións, interpretando programacións de referencia, executando procedementos e técnicas relacionadas co proceso de ensino-aprendizaxe e transmitindo valores éticos vinculados ao respecto e coidado polo propio corpo, respecto aos demais, xogo limpo, responsabilidade e esforzo persoal.

a) Identificáronse e seleccionáronse os medios e recursos necesarios para o desenvol- vemento da actividade.

b) Identificáronse as condicións ambientais necesarias para o desenvolvemento da

sesión, aplicando técnicas e procedementos establecidos e respectando as normas de seguridade establecidas para as actividades de iniciación á navegación a vela.

c) Recibiuse e despediuse o/a deportista seguindo o protocolo establecido, identificando as súas demandas e necesidades e motivándoo/a para a práctica continuada da navega¬ción a vela.

d) Demostrouse interese pola captación, motivación e adherencia á práctica dos/as deportistas e usuarios/as.

e) Valoráronse as habilidades e destrezas específicas dos/as deportistas co obxecto de determinar o seu nivel propondo a súa incorporación a un grupo e tomando as medidas de corrección axeitadas.

f) Concretouse a sesión de ensino-aprendizaxe da iniciación á navegación a vela, seguindo a programación de referencia, adecuándose ao grupo e ás condicións materiais existentes.

g) Explicáronse os contidos da sesión, seguindo os protocolos e técnicas establecidos, de forma clara e motivadora.

h) Exemplificáronse as tarefas propostas, executando as accións técnicas seguindo es- tándares da iniciación á vela con aparello fixo e libre e os procedementos establecidos.

i) Establecéronse as condicións de seguridade necesarias na iniciación á navegación a vela, interpretando as instrucións ou normas e aplicando os procedementos establecidos.

j) Dirixiuse a sesión de ensino-aprendizaxe de iniciación á navegación a vela, adoptando a posición máis axeitada, solucionando as continxencias existentes, conseguindo a participación e rendemento conforme os obxectivos propostos dela e dentro das normas ambientais e as marxes de seguridade requiridas.

k) Aplicáronse estratexias de comunicación, control de continxencias, servíndose das dinámicas de grupo máis axeitadas en cada caso.

l) Valorouse o desenvolvemento da sesión, aplicando procedementos de recollida e pro- cesamento da información necesaria para a elaboración de xuízos que permitan o axuste e mellora permanente do proceso de ensino-aprendizaxe e das actividades propias da iniciación á modalidade ou especialidade deportiva.

m) Demostrouse interese pola coeducación, a transmisión de valores éticos, persoais e sociais a través da práctica deportiva: xogo limpo, respecto á saúde

persoal, aos demais e ao contorno.

n) Valorouse a colocación do persoal técnico durante o desenvolvemento da actividade adoptando a colocación máis axeitada.

5. Acompaña o/a deportista na navegación e en competicións de iniciación á vela con AF e AL, interpretando as normas e regulamentos aplicables a ambas as situacións, executando os procedementos e técnicas de transmisión de valores.

a) Comprobouse o estado da inscrición do grupo ou regatistas na competición de ini-ciación á navegación a vela con AF e AL seguindo as instrucións e normas establecidas.

b) Informouse os/as regatistas das características da competición, interpretando a documentación sobre a esta.

c) Aplicáronse procedementos de reclamación nunha competición de iniciación á navegación a vela, aplicando os protocolos e normas establecidos.

d) Aplicáronse criterios de valoración da execución técnico-táctica do/a regatista, utilizando técnicas e procedementos de observación axeitadas ao nivel de iniciación deportiva.

e) Trasladáronse o/a regatista as instrucións técnicas e tácticas para a competición de iniciación, tendo en conta as características da competición e do/a deportista.

f) Acompañouse os/as deportistas nas competicións, aplicando os procedementos e seguindo as instrucións e normas establecidas.

g) Velouse polo respecto aos valores do xogo limpo, o respecto á saúde persoal e aos demais, durante a participación na competición de iniciación á navegación a vela, aplicando os procedementos axeitados e respectando as súas normas.

6. Realiza operacións de almacenamento, estiba, transporte, preparación e mantemento das instalacións, embarcacións e materiais náuticos, necesarias para as actividades de iniciación á navegación a vela, interpretando instrucións ou normas establecidas e executando procedementos e técnicas propias das operacións.

a) Interpretáronse as instrucións recibidas e identificouse a documentación asociada aos procesos de verificación e control do estado e funcionamento do material necesario.

b) Recoñecéronse e determináronse as necesidades e lugares idóneos para o almacenamento, estiba e conservación dos materiais necesarios, tendo en conta os protocolos establecidos.

c) Realizáronse operacións de mantemento das embarcacións e aparellos de navegación, tendo en conta os procedementos, normas ou instrucións establecidos e respectando a normativa ambiental.

d) Realizáronse operacións de reparación básica do material, tendo en conta os procedementos, normas ou instrucións establecidos e respectando a normativa ambiental.

e) Aplicáronse criterios de verificación do estado do material, para a súa baixa ou mantemento, tendo en conta os procedementos, normas e instrucións establecidos.

f) Aplicáronse criterios de selección do material para o equipamento dunha instalación de actividades de iniciación á navegación a vela, tendo en conta as características da actividade e as normas e instrucións establecidas.

g) Efectuáronse operacións de equipamento e desequipamento dunha instalación de actividades de iniciación á navegación a vela, aplicando as técnicas e procedementos axeitados e seguindo as instrucións e normas establecidas.

h) Identificáronse as condicións de seguridade da instalación para a realización de actividades de iniciación á navegación a vela, interpretando a normativa aplicable.

7. Intervén no rescate de persoas e embarcacións de AF e AL en condicións propias da iniciación á vela, aplicando as técnicas e protocolos de axuda e rescate, interpretando a normativa de seguridade e de respecto ao medio.

a) Realizáronse operacións de preparación das áreas de navegación de prácticas de iniciación á vela con AF e AL, para o apoio á seguridade dos/as participantes.

b) Efectuáronse operacións de revisión dos equipos individuais e equipamentos de seguridade, seguindo as instrucións ou normas establecidas.

c) Realizáronse operacións de rescate de persoas e embarcacións de iniciación á navegación a vela de AF e AL, aplicando técnicas e procedementos específicos.

d) Interpretáronse e aplicáronse as normas de seguridade do Ministerio de Fomento.

e) Controlouse o grupo de navegantes, durante as situacións de risco ou perigo, aplicando os protocolos de acordo coas instrucións e normas recibidas.

f) Efectuáronse os protocolos de comunicación da situación de risco ou perigo, dacordo coas normas e procedementos establecidos.

g) Mantivose unha actitude de tranquilidade e responsabilidade durante a intervención nas operacións de rescate.

h) Mostrouse un interese positivo cara á formación continua en técnicas e procedementos de rescate en situacións de risco ou perigo.

8. Realiza operacións de prestación dos primeiros auxilios, interpretando as normas e protocolos establecidos e aplicando técnicas e procedementos de acordo a instrucións ou normas establecidas.

a) Desenvolvéronse operacións de valoración inicial o/a accidentado/a, de acordo cos protocolos e instrucións recibidos.

b) Estableceuse a secuencia de actuación de acordo co protocolo establecido polo IL¬COR (Comité de Coordinación Internacional sobre a Resucitación).

c) Establecéronse medidas de seguridade e autoprotección persoal nas situacións de prestación dos primeiros auxilios, de acordo cos protocolos e instrucións recibidos.

d) Aplicáronse técnicas e procedementos de prestación de primeiros auxilios en lesións, seguindo os protocolos e a normativa establecidos.

e) Aplicáronse técnicas de soporte vital, seguindo os protocolos e instrucións establecidos.

f) Efectuáronse operacións de desfibrilación externa semiautomática, seguindo os protocolos e instrucións establecidos.

g) Mantivose o autocontrol en situacións de prestación dos primeiros auxilios o/a accidentado/a tendo en conta os protocolos e instrucións establecidos.

h) Aplicáronse técnicas de apoio psicolóxico o/a accidentado/a e acompañante, tendo en conta os protocolos e instrucións establecidos.

i) Utilizouse a terminoloxía médico sanitaria elemental relacionada cos primeiros auxilios.

j) Demostrouse unha actitude positiva cara á reciclaxe e actualización persoal en novos protocolos e instrumentos relacionados cos primeiros auxilios.

k) Realiza o goberno de embarcacións de ata 6 metros de eslora e 40 kW, demostrando o control sobre a navegación e realizando técnicas de mantemento e conservación do motor.

l) Realizáronse exercicios de manexo dunha embarcación de salvamento: arranque, parada, avante e atrás, así como manobras de saída e entrada en praia, pantalán, rampla ou fondeadoiro.

m) Realizáronse exercicios do manexo de chalecos salvavidas, extintores, bengalas e espello de sinais.

n) Realizáronse exercicios de conservación e mantemento de motores: carburación, inxección, acendido, refrixeración, lubricación e invernaxe, cambio de buxías, filtros, niveis de aceite.

9.- RÚBRICA E CORRECCIÓN DE TRABALLOS

Categorias analizables na rúbrica:

1. Realización dun traballo seguindo as pautas presentadas polo profesor.
2. Utilización dunha linguaxe clara e correcta e unha terminoloxía específica.
3. Presentación e estruturación correcta do traballo.
4. Entrega na aula virtual en tempo e forma .
5. Relación cos criterios de avaliación referenciado

6.- Prohibición de uso de IA

10.- CRITERIOS XERAIS DE VALIDEZ, PRESENTACIÓN E CORRECCIÓN DE PROBAS ESCRITAS

1. Caligrafía, Lexibilidade e Presentación:

As probas escritas deberán redactarse con trazo cloraro, pulcro e plenamente lexible. Calquer resposta ou fragmento incomprensible debido á falta de craridade caligráfica non poderán ser evaluados e conlevará a penalización correspondente (computándose como non válido ou no respondido).

2. Cumprimentación de Probas Obxetivas (Tipo Test):

Nas probas tipo test, as respostas deberán marcarse de forma crara, unívoca e inequívoca seguindo as instrucciones indicadas. Calquer marca ambigua, borrón, tachadura, corrección ou dobre marca nun mismo ítem anulará a validez da resposta, considerándose a todos os efectos como **resposta incorrecta (fallo)** e aplicando o desconto/penalización establecido para o examen.

11.-PROGRAMACIÓN DO BLOQUE COMÚN NA MODALIDADE SEMIPRESENCIAL

Durante o curso 2026/27 os centros, se as circunstancias así o requiren, poderán determinar que existan no horario das respectivas ensinanzas, franxas horarias que permitan que o alumnado sen asistir o centro educativo, poida realizar a formación de xeito telemático, cos seguintes límites:

- **Ensinanzas deportivas: ata un máximo dun 20% das horas lectivas de centro educativo de cada curso (non se terán en conta as do Bloque de formación práctica), e simultaneamente ata un máximo do 50% da duración do módulo.**

A aula virtual será a vía principal utilizada para a realización da docencia no suposto de educación a distancia.

Polo tanto, e atendendo a dita resolución, ós mércores serán destinados a ensinanza semipresencial, onde os alumnos non teñen a obriga asistir presencialmente o centro; puidendo facelo se o precisasen para a aclaración de dúbidas ou traballos de reforzo (en ningún caso para adiantar contidos respecto aos demáis compañeiros).

Para o alumnado e o profesorado establecense os seguintes criterios:

- Para o alumnado, deberán establecer conexión nalgún momento da xornada coa aula virtual para poñerse o dia das actividades propostas polo profesorado.
- Nalgunhas ocasións puntuais, e con previo aviso, poderse requerir a presencia on line dos alumnos para charlas, clases en directo vía webex, etc…
- O profesorado estará en liña, cumprindo co seu horario e estará a disposicón do alumnado que o requira para aclaración de dúbidas ou necesidade dunha titoria.
- O profesorado deberá atender o alumnado que decida asistir de forma presencial o centro pero neste caso para aclaración de dubidas o necesidade de titoria. Neste caso non se avanzará materia.

12.- CALENDARIO DE INICIO DO CURSO

Data de inicio de curso e do bloque común: 14 de septiembre
Data de fin de curso e do bloque específico 23 de outubre

13.- VALIDACIÓNS DOS MÓDULOS.

Para validar os módulos aplicaremos a normativa específica que nos marca o Real decreto 935/2010, do 23 de xullo, que establece para a modalidade deportiva de vela, os titulos de técnico deportivo en vela con aparello fixo e técnico deportivo en vela con aparello libre, establece para cada titulo a súa identificación, o seu perfil profesional, ámbito profesional, as ensinanzas dos ciclos de ensinanzas deportivas, a correspondencia dos módulos de ensinanzas deportivas coas unidades de

competencia para a súa acreditación, validación ou exención, a acreditación de módulos debida á experiencia docente, espazos, equipamentos, titulacións e especialidades do profesorado. Tamén se determinarán os requisitos específicos de acceso, identificando a carga lectiva acreditada a través destes requisitos, a vinculación con outros estudos, as validacións, exencións e equivalencias.

13.- ESPAZOS DOCENTES E RECURSOS

Espacios docentes e recursos no Centro Galego de Vela (é parte do Centro Galego de Tecnificación), coa dirección: Rampa Cavadelo, s/n. Vilagarcía de Arousa, 36.600. Pontevedra. Ubicado no porto de Vilagarcía. Recursos docentes empregados na práctica diaria da aula e no espazo virtual do Cifp Fontecarmoa.

14. PROCEDEMENTO SOBRE O SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN E AVALIACIÓN PROPIA DA PRÁCTICA DOCENTE

Na reunión mensual do equipo docente. Dentro do departamento da familia das actividades físicas, na reunión mensual baixo a dirección do xefe de departamento, Luís Garrigós. A través dos procedementos establecidos pola consellería de Educación, dentro de Educalidade, no rol de profesor.